


# PROGRAMACIÓN



DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS

IES DE RODEIRA - CANGAS

CURSO 2022-2023

## ÍNDICE

<b>1.</b>	Introducción e contextualización. ....	4
1.1.	Referencias normativas. ....	4
1.2.	Xustificación da programación. ....	4
1.3.	Profesorado.....	5
<b>2.</b>	ESO. ....	7
2.1.	Materia de Matemáticas. . ....	7
2.1.1.	Obxectivos xerais para a etapa de educación secundaria. ....	7
2.1.2.	Obxectivos xerais da materia. ....	8
2.1.3.	Contribución da materia de Matemáticas ao logro das competencias clave. ....	10
2.1.4.	Contribución da materia de Matemáticas ao fomento da lectura. ....	14
2.1.5.	Contribución da materia de Matemáticas ao fomento das TICs. ....	15
2.1.6.	Materiais curriculares e recursos didácticos. ....	16
2.1.7.	Metodoloxía e recursos metodolóxicos. ....	17
2.1.7.1.	Metodoloxía xeral na ESO.....	17
2.1.8.	Indicadores para avaliar as competencias. ....	18
2.1.9.	Avaliación: criterios de cualificación, procedementos e instrumentos de avaliación. ....	21
2.1.10.	Obxectivos, contidos, secuenciación e temporalización, criterios de avaliación e mínimos exisibles da materia de Matemáticas por niveis. ....	
2.1.10.1.	Matemáticas 2º ESO. ....	24
2.1.10.2.	Matemáticas 4º ESO. ....	53
2.1.10.2.1.	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas 4º ESO. ....	53
2.1.10.2.2.	Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas 4º ESO. ....	88
<b>3.</b>	Bacharelato. ....	115
3.1	Obxectivos xerais do bacharelato. ....	115
3.2.	Materia de Matemáticas II. ....	116
3.2.1.	Obxectivos xerais. ....	117
3.2.2.	Contribución da materia de Matemáticas ao fomento da lectura. ....	118
3.2.3.	Contribución da materia de Matemáticas ao fomento das TICs. ....	119
3.2.4.	Materiais curriculares e recursos didácticos. ....	120
3.2.5.	Metodoloxía e estratexias metodolóxicas. ....	120
3.2.6.	Avaliación: criterios de cualificación, procedementos e instrumentos de avaliación. ....	121
3.2.7.	Obxectivos, contidos, secuenciación e temporalización, criterios de avaliación e mínimos exisibles da materia de Matemáticas II.....	123
3.3.	Materia de Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais. ....	148
3.3.1.	Obxectivos xerais. ....	148
3.3.2.	Contribución da materia de Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais ao fomento da lectura. ....	149
3.3.3.	Contribución da materia de Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais ao fomento das TICs. ....	150
3.3.4.	Materiais curriculares e recursos didácticos. ....	150
3.3.5.	Metodoloxía e estratexias metodolóxicas. ....	153
3.3.6.	Avaliación: criterios de cualificación, procedementos e instrumentos de avaliación. ....	154
3.3.7.	Obxectivos, contidos, secuenciación e temporalización, criterios de avaliación e mínimos exisibles da materia de Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais II..	156
3.4.	Materia de Métodos estatísticos e numéricos. ....	183
3.4.1.	Obxectivos xerais. ....	183
3.4.2.	Contribución da materia de Métodos estatísticos e numéricos ao fomento da lectura. ....	184
3.4.3.	Contribución da materia de Métodos estatísticos e numéricos ao fomento das TICs. ....	185

3.4.4. Materiais curriculares e recursos didácticos. ....	185
3.4.5. Metodoloxía e estratexias metodolóxicas. ....	185
3.4.6. Avaliación: criterios de cualificación, procedentos e instrumentos de avaliación. ....	186
3.4.7. Obxectivos, contidos, secuenciación e temporalización, criterios de avaliación e mínimos exisibles da materia de Métodos estatísticos e numéricos. ....	189
4. Plan de reforzo.....	202
5. Educación permanente de adultos. ....	202
6. Medidas de atención á diversidade. ....	203
6.1.    Medidas de atención á diversidade na ESO.....	204
6.2.    Medidas de atención á diversidade en Bacharelato.....	205
7. Educación en valores. ....	206
8. Contribución ao plan de convivencia. ....	207
9. Programa de reforzo para a recuperación de materias de cursos anteriores. ....	208
9.1. Plan de traballo para alumnado de ESO con Matemáticas pendente de cursos anteriores. ....	208
9.2. Plan de traballo para o alumnado de 2º de Bacharelato con Matemáticas I ou Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais I pendente de cursos anteriores. ....	215
10. Programa específico de reforzo para o alumnado de ESO que repite curso. ....	219
11. Procedementos para avaliar a programación. ....	219
12. Actividades complementarias e extraescolares. ....	221

# 1. Introducción e contextualización.

## 1.1. Referencias normativas.

Unha programación é un soporte da acción docente estruturando o desenvolvemento dunha área, dándolle base, pero tamén é flexible e adaptable aos imprevistos que xurdan ao longo do curso. Eses posibles cambios se farán constar na memoria de fin de curso.

Para elaborar a programación do departamento de Matemáticas do IES de Rodeira, para os cursos 2º, 4º da ESO e 2º Bacharelato, tívose en conta a seguinte lexislación:

- Os decretos 233/2002 do 6 de xuño e 133/2007 do 5 de xullo, nos que se regulan as ensinanzas obrigatorias na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para alumnado de ESO.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, LOMCE para a mellora da calidade educativa (BOE 10/12/ 2013)
- A Ley orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Ley orgánica 2/2006, de 3 de maio
- O Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
- O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, en exercicio das competencias propias de Galicia no desenvolvemento dos aspectos básicos regulados a nivel estatal.
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG 21/xuño/2015).
- O Real decreto lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, que establece medidas que afectan ás avaliacións finais de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- *Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia*
- Orde do 26 de maio de 2022 pola que se dictan instrucións para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A programación inicial e programación complementaria posterior do curso 2021/2022 (deste mesmo centro)
- A memoria de fin de curso 2021-2022 (deste mesmo centro).

## 1.2. Xustificación da programación.

Esta programación estará suxeita ás decisións da Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro. En calquera caso, o noso departamento, á hora de programar, velará por buscar en todo momento a coherencia coas prioridades establecidas no proxecto educativo do centro (P.E.C.), e terá sempre en conta as características propias do noso alumnado. Para ambos os dous aspectos, fundamentais ao noso xuízo, remitímonos ao noso propio P.E.C. Ademais, os membros deste departamento estarán dispostos en todo momento a colaborar co Plan de Convivencia do Centro.

No desenvolvemento do currículo preténdese que os coñecementos, as competencias e os valores estean integrados. Os novos coñecementos que se deben adquirir teñen que apoiarse nos xa conseguidos: os contextos deben ser elixidos para que o alumnado se aproxime ao coñecemento de forma intuitiva mediante situacións próximas a este, e vaia

adquirindo cada vez maior complexidade, ampliando progresivamente a aplicación a problemas relacionados con fenómenos naturais e sociais e a outros contextos menos próximos á súa realidade inmediata.

Durante os primeiros cursos é necesario que o alumnado alcance soltura suficiente no cálculo, sempre apoiado na adquisición do sentido numérico, que abrangue cálculo mental, estimación e dominio reflexivo das propiedades e operacións. Posteriormente, ao longo das etapas educativas, o alumnado debe progresar na adquisición das habilidades de pensamento matemático; debe pasar de conseguir dominar os cálculos e as súas ferramentas a centrarse, xa no bacharelato, en desenvolver os procedementos e a capacidade de analizar e investigar, interpretar e comunicar de xeito matemático diversos fenómenos e problemas en distintos contextos, así como de proporcionar solucións prácticas a estes. Os procedementos, os razoamentos, a argumentación e a expresión matemática das situacións e dos problemas han contribuír de maneira especial a lograr a adquisición das competencias clave.

Para potenciar a motivación da aprendizaxe destas competencias é desexable unha metodoloxía activa e contextualizada, baseada nunha aprendizaxe cooperativa, onde cada persoa poida desenvolver distintos papeis, achegando ou incorporando ideas, asumindo responsabilidades e aceptando erros; unha metodoloxía baseada en actividades ou proxectos matemáticos que poñan en contexto os contidos aprendidos, o que permitirá fortalecer a autonomía persoal e o traballo en equipo, entre outras habilidades.

### 1.3. Profesorado.

O Departamento de Matemáticas do IES de Rodeira de Cangas, no presente curso escolar 2022-23 está formado polos seguintes profesores/as:

Del Río Lamela, Cristina (quenda nocturno).  
 González Calvar, Jose Manuel.  
 Míguez Nóvoa, M<sup>a</sup> Jesús.  
 Novas Castro, Enrique.  
 Regueira Gómez, Beatriz(Xefa do Departamento).  
 Rodríguez Rubio, Isabel (quenda nocturno).  
 Sarrapio Lamas, Yaiza  
 Vázquez Cadahía, M<sup>a</sup> del Pilar.  
 Vázquez Domínguez, Ricardo  
 Vázquez Expósito, Iria

A distribución da carga docente asignada entre os membros do departamento pode consultarse nas seguintes táboas:

Quenda vespertina:

1º e 2º ESA	Ámbito Científico-tecnolóxico	Isabel Rodríguez
3º e 4º ESA	Ámbito Científico-tecnolóxico	Isabel Rodríguez
Obradoiros		Cristina del Río
Lingua para persoas estranxeiras		Cristina del Río

Diurno:

Bacharelato:

Matemáticas I	1º Bacharelato A	Beatriz Regueira Gómez
Matemáticas I	1º Bacharelato B	Beatriz Regueira Gómez
Matemáticas I	1º Bacharelato C	Beatriz Regueira Gómez
Matemáticas CCSS I	1º Bacharelato D	Pilar Vázquez Cadahía
Matemáticas CCSS I	1º Bacharelato E	Pilar Vázquez Cadahía
Matemáticas II	2º Bacharelato A	Enrique Novas Castro
Matemáticas II	2º Bacharelato B	Enrique Novas Castro
Matemáticas CCSS II	2º Bacharelato C	Enrique Novas Castro
Matemáticas CCSS II	2º Bacharelato C+D	Enrique Novas Castro
Métodos Estadísticos	2º Bacharelato	Enrique Novas Castro

ESO:

Matemáticas	1º ESO A	Sarrapio Lamas, Yaiza
Matemáticas	1º ESO B	Sarrapio Lamas, Yaiza
Matemáticas	1º ESO C	Vázquez Expósito, Iria
Matemáticas	1º ESO D	Vázquez Expósito, Iria
Matemáticas	2º ESO A	Sarrapio Lamas, Yaiza Apoio: Enrique Novas Castro
Matemáticas	2º ESO B	Sarrapio Lamas, Yaiza Apoio: Míguez Novoa, Mª Jesús
Matemáticas	2º ESO C	Vázquez Domínguez, Ricardo Apoio: Vázquez Expósito, Iria
Matemáticas	2º ESO D	Vázquez Domínguez, Ricardo Apoio: Vázquez Expósito, Iria
Matemáticas Académicas	3º ESO A	Vázquez Domínguez, Ricardo
Matemáticas Académicas	3º ESO B	Vázquez Domínguez, Ricardo
Matemáticas Académicas	3º ESO C	Vázquez Expósito, Iria
Matemáticas Aplicadas	3º ESO D	Vázquez Expósito, Iria
Apoios 3º ESO: Míguez Novoa, Mª Jesús		
Matemáticas Académicas	4º ESO A+B(Bilingüe)	Beatriz Regueira Gómez
Matemáticas Académicas	4º ESO A+B	Pilar Vázquez Cadahía
Matemáticas Académicas	4º ESO C	Pilar Vázquez Cadahía
Matemáticas Aplicadas	4º ESO C	Míguez Novoa, Mª Jesús
Matemáticas Aplicadas	4º ESO D	Pilar Vázquez Cadahía
Apoios 4º ESO: González Calvar, José Manuel		

## 2. ESO.

### 2.1. Materia de Matemáticas.

#### 2.1.1. Obxectivos xerais para a etapa de educación secundaria.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, as Matemáticas constitúen un ben formativo e cultural que os alumnos deben saber apreciar. Elementos de traballo como a estruturación das nocións espaciais e temporais, a previsión e control da incerteza ou o manexo da tecnoloxía dixital son expoñentes do seu valor.

A preparación para desenvolverse axeitadamente no ámbito académico, familiar, sociocultural e profesional fai necesaria a adquisición de habilidades e destrezas asociadas á materia. A devandita adquisición fará posible interpretar correctamente táboas, gráficos, mensaxes ou fórmulas que se mostran en diversos medios de comunicación e que favorecerán a adaptación do alumno ao contexto. Os contidos matemáticos seleccionados para esta etapa obrigatoria están orientados a conseguir que todos os alumnos poidan acadar os obxectivos propostos e estean preparados para incorporarse á vida adulta. Isto esixirá medidas para atender a diversidade de actitudes e competencias cognitivas do alumnado da etapa.

A achega da materia é esencial para a consecución dos obxectivos da etapa, que son os seguintes:

- a. Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

- g. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o. Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### **2.1.2. Obxectivos xerais da materia.**

A ensinanza das Matemáticas nesta etapa contribuirá a que o alumnado desenvolva as capacidades implícitas nos seguintes obxectivos xerais:

- 1. Incorporar á linguaxe habitual os modos de argumentación e as formas de expresión matemática (numérica, alxébrica, xeométrica, gráfica, probabilística, etc. ), tanto nas situacións que se suscitan na vida cotiá como nas procedentes dos ámbitos matemático ou científico, co obxecto de mellorar a comunicación e promover a reflexión sobre as propias actuacións.



2. Cuantificar aqueles aspectos da realidade que permitan interpretala mellor: utilizar procedementos de medida, técnicas de recollida e análise de datos, empregar a clase de número e a notación máis axeitada para representalos e realizar o cálculo máis apropiado a cada situación.
3. Identificar os elementos matemáticos (datos estatísticos, xeométricos, gráficos, cálculos, etc.) presentes nos medios de comunicación, internet, publicidade ou outras fontes de información; analizar criticamente as funcións que desempeñan estes elementos matemáticos e valorar se a súa achega mellora a comprensión das mensaxes.
4. Identificar, describir, representar e cuantificar as formas e relacións espaciais que se presentan na vida cotiá, en contextos científicos e artísticos, analizar as propiedades e relacións xeométricas implicadas, valorar a súa compoñente estética e estimular a creatividade e a imaxinación.
5. Utilizar de forma axeitada os distintos medios tecnolóxicos (calculadoras, ordenadores, etc.) para realizar cálculos numéricos ou alxébricos, comprobar propiedades xeométricas, buscar, tratar, representar e transmitir informacións de índole diversa e como axuda na aprendizaxe.
6. Fortalecer a capacidade de razoamento, actuando ante os problemas que se suscitan na vida cotiá de acordo con modos propios da actividade matemática, tales como a exploración sistemática de alternativas, a formulación de preguntas ante as apreciacións intuitivas, a flexibilidade para modificar o punto de vista, a precisión na linguaxe, a xustificación dos razoamentos, a perseveranza na procura de solucións ou a necesidade da súa verificación.
7. Formular e resolver problemas matemáticos ou procedentes doutros ámbitos, individualmente ou en grupo, empregando distintos recursos e instrumentos, valorando a conveniencia das estratexias utilizadas en función da análise dos resultados obtidos e mostrando unha actitude positiva e confianza na propia capacidade.
8. Integrar os coñecementos matemáticos na bagaxe cultural propia, en conxunción cos saberes que se van adquirindo desde as distintas áreas, e aplicarlos para analizar e valorar fenómenos sociais como a diversidade cultural, o respecto ao ambiente, a saúde, o consumo, a igualdade de xénero ou a convivencia pacífica.
9. Valorar as Matemáticas como parte integrante da nosa cultura desde un punto de vista histórico, apreciando a súa contribución ao desenvolvemento da sociedade actual.

### 2.1.3. **Contribución da materia de Matemáticas ao logro das competencias clave.**

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Estas, de acordo coas especificacións da lei, son as seguintes:

1. Comunicación lingüística.
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
3. Competencia dixital.
4. Aprender a aprender.
5. Competencias sociais e cívicas.
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
7. Conciencia e expresións culturais.

Na área de Matemáticas incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

#### **1. Comunicación lingüística (CCL).**

A competencia en comunicación lingüística é o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Estas situacións e prácticas poden implicar o uso dunha ou varias linguas, en diversos ámbitos e de xeito individual ou colectivo.

Esta visión da competencia en comunicación lingüística vinculada con prácticas sociais determinadas ofrece unha imaxe do individuo como axente comunicativo que produce, e non só recibe, mensaxes a través das linguas con distintas finalidades.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e clara, calquera tipo de información.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

#### **2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).**

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía inducen e fortalecen algúns aspectos esenciais da formación das persoas que resultan fundamentais para a vida.

Nunha sociedade onde o impacto das matemáticas, as ciencias e as tecnoloxías é determinante, a consecución e mantemento do benestar social esixe condutas e toma de decisións persoais estreitamente vinculadas coa capacidade crítica e coa visión razoada e razoable das persoas.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece arredor nosa.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

### **3. Competencia dixital (CD).**

A competencia dixital é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a empregabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e participación na sociedade.

Esta competencia supón, ademais da adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un conxunto novo de coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente nun contorno dixital.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

### **4. Aprender a aprender (CAA).**

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente que se produce ao longo da vida e que ten lugar en distintos contextos formais, non formais e informais.

Esta competencia caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Isto esixe, en primeiro lugar, a capacidade para motivarse por aprender. Esta motivación depende de que se xere a curiosidade e a necesidade de aprender, de que o estudante se sinta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe e, finalmente, de que chegue a alcanzar as metas de aprendizaxe propostas e, con iso, que se produza nel unha percepción de autoeficacia. Todo o anterior contribúe a motivalo para abordar futuras tarefas de aprendizaxe.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Identificar potencialidades persoais: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

## 5. Competencias sociais e cívicas (CSC).

As competencias sociais e cívicas implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e as actitudes sobre a sociedade –entendida desde as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa–, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas. Ademais de incluír accións a un nivel máis próximo e mediato ao individuo como parte dunha implicación cívica e social.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.

## 6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación onde intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

Esta competencia está presente nos contornos persoal, social, escolar e laboral nos que se desenvolven as persoas, permitíndolles o desenvolvemento das súas actividades e o aproveitamento de novas oportunidades. Constitúe igualmente o alicerce doutras capacidades e coñecementos máis específicos e inclúe a conciencia dos valores éticos relacionados.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

## **7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).**

A competencia en conciencia e expresión cultural implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e gozo persoal e considéralas como parte da riqueza e o patrimonio dos pobos.

Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

## 2.1.4. Contribución da materia de Matemáticas ao fomento da lectura.

Desde o departamento de Matemáticas incídese na mellora da comprensión lectora e escrita e do hábito lector desde diferentes vertentes:

- A lectura dos enunciados dos problemas na aula, preferiblemente en voz alta, para así asegurarse a súa comprensión por parte de todos os alumnos/as, así como a lectura e interpretación de distintos medios de representación da información (táboas, distintas gráficas,...).
- Traxo coa prensa escrita ou páxinas web nos que aparezan:
  - Artigos científicos nos que se traten as aplicacións das Matemáticas nos avances de outras ciencias (Informática, Física, Bioloxía, Economía,...)
  - Artigos que traten da historia das Matemáticas e os seus avances.
  - Artigos que mostren a parte máis lúdica, recreativa e estética das Matemáticas.
  - Artigos que nos mostren a biografía de grandes matemáticos e matemáticas.
- Dedicación dalgunhas horas lectivas á lectura libre na clase en todos os cursos da ESO, tal e como aparece recollido no Proxecto Lector do centro.
- A recomendación de libros de lectura na ESO. Estes libros recomendados están relacionados dalgunha forma coa área de Matemáticas, aínda que non son libros de texto da materia.
- Elaboración de itinerarios lectores por niveis propoñendo a lectura dos seguintes libros recomendados. A elección destes libros podería variar ao longo do curso en función das características do alumnado e da existencia ou non de exemplares na biblioteca do centro.

CURSO	Libros de lectura
1º ESO	<p>“<i>¡Ojalá no hubiera números!</i>”. Esteban Serrano Marugán. Ed Salamandra.</p> <p>“<i>El país de las mates para novatos</i>”. L.C. Norman. Ed Nivola</p> <p>“<i>El asesinato del profesor de Matemáticas</i>”. Jordi Sierra i Fabra. Ed Anaya</p>
2º ESO	<p>“<i>Los diez magníficos</i>”. Ana Cerasoli. Ed Maeva.</p> <p>“<i>La sorpresa de los números</i>”. Ana Cerasoli. Ed Maeva.</p> <p>“<i>Malditas Matemáticas. Alicia en el país de los números</i>”. Carlo Frabetti. Ed Alfaguara.</p>
3º ESO	<p>“<i>Ernesto el aprendiz de matemago</i>”. José Muñoz Santonja. Nivola</p> <p>“<i>Mister Cuadrado: Un Recorrido Por El Sorprendente Mundo De La Geometria</i>”. Anna Cerasoli. Ed Maeva.</p> <p>“<i>El curioso incidente del perro a medianoche</i>”. Matk Haddon. Ed Salamandra.</p>
4º ESO	<p>“<i>El contador de arena</i>”. Gillian Bradshaw. Salamandra</p> <p>“<i>El hombre que calculaba</i>”. Malba Tahan. Veron editores.</p> <p>“<i>Demasiada felicidad</i>”. Alice Munro. Lumen.</p>

As visitas periódicas á biblioteca e á aula de informática para traballar cos rapaces a busca de información, debido á redución de espazos, énos imposible clarificar se se poderán realizar ou non.

### **2.1.5. Contribución da materia de Matemáticas ao fomento das TICs.**

Co fin de fomentar o acceso e o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación, desde o departamento de Matemáticas propoñemos as seguintes medidas:

- Empregar unha folla de cálculo como Excel e programas informáticos como Geogebra, Wiris, Wolfram Alpha... para facer cálculos, explicar conceptos ou mostrar propiedades.
- Facer uso da calculadora científica.
- Propoñer a busca de información en internet para o cal se lles indicará aos alumnos/as portais ou páxinas web con contido matemático.
- Intentar, como mínimo unha vez no trimestre, levar aos alumnos/as á aula de informática. De momento o seu uso está restrinxido xa que se están a usar como aulas para impartir clase.
- Sacarlle o máximo partido posible ao material do que dispón o centro dentro do Proxecto Abalar, ben preparando actividades propias ou ben aproveitando os recursos que xa hai dispoñibles na rede.
- Uso das aulas virtuais, correos electrónicos, plataformas para a realización de videoconferencias, ...

## 2.1.6. Materiais curriculares e recursos didácticos.

Segundo o acordado polos membros do departamento na reunión de departamento correspondente ao mes de xuño, haberá libro de texto obrigatorio en toda a ESO, non sendo así no bacharelato. Os libros obrigatorios son:

CURSO	LIBRO	EDITORIAL	ISBN
2º ESO	Matemáticas 2	ANAYA	978 – 84 – 698 – 1426 – 0
4º ESO (Non bilingüe)	Matemáticas orientadas a las Enseñanzas Académicas 4	ANAYA	978 – 84 – 698 – 1069 – 9
4º ESO	Matemáticas orientadas a las Enseñanzas Aplicadas 4	ANAYA	978 – 84 – 698 – 1072 – 9

Suxerimos o uso dos materiais seguintes:

- O libro do alumnado para a área de Matemáticas.
- Os recursos interactivos proporcionados para o alumnado pola editorial Anaya.
- A proposta didáctica para Matemáticas.
- Recursos fotocopiáveis das distintas unidades didácticas, con actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación.
- Calculadoras.
- A aula virtual en toda a ESO.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesderodeira/aulavirtual/course/index.php?categoryid=20>

- Plataforma webex para a realización de videoconferencias:

<https://eduxunta.webex.com/webappng/sites/eduxunta/dashboard?siteurl=eduxunta>

- Videocoleccións: *Troncho y Poncho*, *Tutomates*, *Unicoos*, *Derivando*, ....

- Series: *Más por menos*, *Universo matemático* (un pouco anticuadas pero sempre útiles)

- Materiais do proxecto Descartes:

<http://recursostic.educacion.es/descartes/web/index.html>

- Os libros interactivos do Proxecto de Educación a Distancia EDAD:

[http://recursostic.educacion.es/secundaria/edad/index\\_mat.htm](http://recursostic.educacion.es/secundaria/edad/index_mat.htm)

- Os contidos Educativos Dixitais da Xunta de Extremadura.

<http://conteni2.educarex.es/>

- Blogs:

<https://matematicasiesoja.wordpress.com>

<https://matesnoaburridas.wordpress.com>

<https://matematicascercanas.com/sobre-el-blog-y-su-autor/>



-Páxinas web:

<http://www.alfonsogonzalez.es/index.html>

<http://lasmatematicas.eu/>

<http://matematicas11235813.luismiglesias.es/apuntes-y-examenes/>

<http://www.fotomat.es>

-Aplicacións: Geogebra, Wiris, Calc,

-Canguro matemático: Concurso matemático con pruebas para distintos niveles de ESO

<https://www.canguromat.org.es>

## **2.1.7. Metodoloxía e recursos metodolóxicos.**

### **2.1.7.1. Metodoloxía na Educación Secundaria Obrigatoria.**

Mediante un tratamento didáctico adecuado pódese conseguir, en calquera nivel educativo, un ambiente no que a aprendizaxe sexa un activo e proveitoso intercambio de ideas, a asimilación das cales é un proceso custoso pero sumamente satisfactorio. Para isto, a elección e secuencia de contidos debe facerse atendendo aos seguintes criterios:

- Os contidos deben estar de acordo coas capacidades do alumno e cos seus coñecementos previos, pois a aprendizaxe constrúese lentamente sobre o substrato.
- É preciso graduar as dificultades de tal xeito que ao alumno non lle resulten insuperables e coa finalidade de que poida conseguir éxitos, imprescindibles, ademais, para que a tarefa sexa gratificante.
- Polo tanto, hai que evitar as dificultades innecesarias: a excesiva complexidade de cálculos, a formalización e abstracción prematuras, a linguaxe difícil, a algoritmización inoportuna...
- Posto que se traballa con máis folgos e, polo tanto, con máis proveito cando se opera sobre algo que resulta próximo (familiar, coñecido, concreto, de dificultade axeitada), hai que ir graduando o novidoso de xeito que, ao traballar sobre iso, pase a engrosar o círculo do que é familiar e que, así, sirva de base a novos coñecementos.
- Débese procurar que o alumno, en vez de estar continuamente aprendendo a manexar ferramentas que só empregará moito máis adiante, atope o sentido e a funcionalidade daquelas, aplicando o que aprende en cada curso no seu momento. Deste xeito a aprendizaxe resulta máis sólida, satisfactoria, globalizadora e duradeira e, en definitiva, máis práctica.

A aprendizaxe debe ser construtivista: o suxeito que aprende faino construindo sobre o que xa domina. Para iso, cada novo obxecto de aprendizaxe débese vencellar, tanto polo seu grao de dificultade como pola súa oportunidade, co nivel de coñecementos daquel que aprende.

A forma de traballar basearase na explicación por parte do profesor/a da parte teórica dos temas, plantexando preguntas e propoñendo problemas e exercicios prácticos que estimulen a curiosidade e a reflexión dos alumnos para que estes os resolvan, ben de xeito individual ou en grupo, para deste xeito permitir desenvolver estratexias de defensa dos seus argumentos fronte aos dos seus compañeiros e compañeiras e seleccionar a resposta máis axeitada para a situación problemática formulada.

O profesor resolverá as dúbidas dos alumnos, proporcionándolles exemplos que complementen a explicación dos contidos e as pautas de lóxica, orde e rigor que o estudante debe seguir para lograr resolver por si mesmo os problemas plantexados.

A intervención do profesor na clase pode e debe ser diversa. O profesor, ademais de facer as propostas, debería de ser animador e dinamizador, ofrecendo aos seus alumnos as axudas que considere oportunas.

O comezo do curso o profesor debe dar certas pautas sobre a organización, presentación,... do caderno de clase e de calquera traballo escrito.

Utilizarase unha linguaxe sinxela e directa.

Normalmente, partírase do concreto e, mediante un proceso de abstracción, intentarase que o alumno chegue a conclusións xerais que poida aplicar a situacións concretas.

Para conseguir facilitar a aprendizaxe, o profesor intentará crear un ambiente de confianza no que o alumno se sinta estimulado e motivado cara a materia.

Insistirá, sempre que o programa o permita, nos mecanismos de cálculo e nos contidos tratados noutros cursos para afianzar e consolidar os coñecementos adquiridos.

Nos primeiros cursos prestarase especial atención a que o alumno adquira fluidez de cálculo e darase maior notoriedade a intuición, para nos cursos superiores proceder con máis rigor, sen descoidar por iso os aspectos intuitivos e tratando sempre de perfeccionar e evitar os erros de cálculo, de maneira que os alumnos dispoñan das ferramentas precisas para abordar sen dificultade estudos superiores.

O centro dotou de portátiles e canóns fixos a todas as aulas. Co sistema informático de acceso a internet do centro podemos conectarnos en todas as clases aínda que en ocasións falla.

O emprego das aulas virtuais, correos electrónicos, ou plataformas de videoconferencias, e demais medios tecnolóxicos como unha ferramenta máis de traballo para a adquisición de coñecementos, consulta ou realización de tarefas é imprescindible. Fomentárase, na medida do posible, facer un uso cada vez maior das novas tecnoloxías.

### **2.1.8. Indicadores para avaliar as competencias.**

Para avaliar as competencias, desde a materia de matemáticas se terá en conta que estas reflíctense nos obxectivos xerais e que os criterios de avaliación en cada curso deben ser o referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias como o de consecución dos obxectivos. Por esa razón se fai necesario empregar unha serie de indicadores observables de avaliación que faciliten a valoración do grao de adquisición das competencias por parte dos alumnos e alumnas na clase de matemáticas.

Os indicadores propostos desde o departamento de Matemáticas por competencias son os seguintes:

#### **1. Comunicación lingüística.**

- Segue as indicacións e explicacións do profesor.
- Toma notas e apuntes a partires das explicacións.
- Comprende os enunciados de problemas matemáticos.
- Discrimina entre información fundamental e accesoria.
- Formula preguntas con precisión, rigor, ritmo e entoación axeitada.
- Resposta a preguntas.
- Expresa oralmente ideas, razoamentos, procedementos seguidos e resultados obtidos na resolución de problemas.
- Posúe fluidez e riqueza expresiva.
- Participa e respecta á estrutura da conversación.
- Presenta de forma clara e ordenada, evitando faltas de ortografía e seguindo as normas gramaticais.

#### **2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

Dado que o noso principal obxectivo é que os nosos alumnos e alumnas adquiran a competencia matemática, a nosa actividade avaliadora referida a esta competencia realizarase atendendo aos obxectivos, criterios de avaliación e mínimos esixidos en cada nivel educativo.

- Toma conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Recoñece a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.

- Aplica métodos científicos rigurosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Manexa os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece arredor nosa.
- Manexa a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Identifica e manipula con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplica os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Realiza argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
- Aplica as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.
- Analiza causas, relacións e riscos.

### **3. Competencia dixital.**

- Traballa con ficheiros en rede e os comparte.
- Usa Internet como fonte de información.
- Emprega distintas fontes para a busca de información e as selecciona segundo a súa fiabilidade.
- Edita e usa procesadores de texto.
- Edita e usa follas de cálculo para organizar a información.
- Manexa os programas e aplicacións matemáticas.
- Realiza actividades matemáticas interactivas feitas co ordenador.
- Fai uso da presentación multimedia dun contido.
- Redacta e envía correos electrónicos con certa solvencia.
- Aplica criterios éticos no uso das tecnoloxías.
- É capaz de entrar na aula virtual do centro no curso da materia, facendo uso do material didáctico posto a súa disposición, entregar as tarefas en tempo e forma, participar nun foro, consultar as súas calificación, enviar unha mensaxe, ...
- No caso de pasar ao ensino semipresencial ou non presencial: accede á plataforma de videoconferencias, segue as clases ao ritmo que se marca, é capaz de abrir e pechar pantalla ou micrófono, facer uso do chat, compartir pantalla, ...

### **4. Aprender a aprender.**

- Organiza o tempo con traballo e pausas.
- Ten unha postura axeitada.
- Identifica as motivacións, obstáculos e interferencias.
- Posúe autocontrol da atención e perseveranza na tarefa.
- Prepara os materiais necesarios para o estudio.
- Identifica detalles, datos... Formula, procura alternativas e resolve problemas.
- Define obxectivos e metas.
- Organiza un mapa conceptual, esquema..
- Fai uso dunha presentación clara e ordenada
- Emprega a auto avaliación e valoración do proceso e o resultado desde o esforzo realizado.

## **5. Competencias sociais e cívicas.**

- escoita de forma activa.
- Ten unha actitude flexible e dialóante en situacións problemáticas.
- Colabora nas tarefas de grupo.
- Mostra respecto cara ás obras e as opinións dos demais.
- Fai xuízo a comportamentos.
- Analiza as consecuencias do incumprimento das normas.
- Fai práctica da negociación e mediación.
- Fai práctica da resposta a unha acusación.
- Identifica e rexeita calquera tipo de prexuízos.
- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.

## **6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.**

- Ten iniciativa para buscar información, ler, ...
- Fai unha práctica responsable das tarefas.
- Optimiza recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asume as responsabilidades encomendadas e da conta delas.
- É constante no traballo superando as dificultades.
- Ten expectativas positivas cara ao traballo de grupo
- Prima a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- Optimiza o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Actúa con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Cumpre cos acordos adoptados.

## **7. Conciencia e expresións culturais.**

- Comprende e usa relacións espaciais e temporais.
- Identifica e describe manifestacións culturais
- Aprecia os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Integra elementos doutros códigos expresivos.
- Ten fluidez e riqueza expresiva.
- Usa a fantasía.
- É flexible para aceptar cambios.
- Ten orixinalidade ou inventiva na resposta.
- Fai uso dunha presentación clara e ordenada.
- Elabora traballos e presentacións con sentido estético.

### **2.1.9. Avaliación: criterios de cualificación, procedementos e instrumentos de avaliación.**

A avaliación será continua, entendendo por tal que se efectuará ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, formativa, de xeito que proporcione a información necesaria para a detección das dificultades do alumnado e permita a toma de decisións en canto á toma de medidas precisas para a continuación satisfactoria da formación do alumnado, e sumativa, isto é: deberá ter en conta todas as partes en que o profesor divide a materia para a súa avaliación.

Por iso debe pasar de ser algo intuitivo e non planificado a unha avaliación reflexiva e sistemática que permita tomar decisións para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe e verificar a súa adecuación ás necesidades educativas do alumnado.

Distinguiremos tres momentos de avaliación: Inicial, Procesual e Final.

#### **Inicial.**

É importante saber en que medida os alumnos aprenderon os conceptos, se son capaces de utilizar determinados procedementos de cálculo ou técnicas de representación, se coñecen as expresións aritméticas ou alxébricas necesarias... Tamén convén saber se entre os esquemas conceptuais xa formados existen desaxustes, relacións mal establecidas ou calquera outro problema que limite a posibilidade de aplicarlos a outras situacións ou de aprender cousas novas.

Esta avaliación se fará ao comezo do curso co obxectivo de proporcionar información sobre a situación de partida dos alumnos, e informarse do seu resultado na Sesión de Avaliación Inicial convocada pola xefatura de estudos para tal fin.

Para a súa realización poderanse empregar, entre outros, os seguintes instrumentos e técnicas:.

- Análise do proceso escolar seguido polo alumno ata ese momento
- Informes individualizados do curso anterior.
- Probas escritas para determinar os coñecementos matemáticos básicos previos.
- Cuestionarios.
- Entrevistas entre profesores, cos pais e os alumnos.
- Informes médicos e/ou psicopedagóxicos.

As probas de Avaliación Inicial deben partir dos obxectivos e contidos mínimos que o alumno debeu adquirir ao finalizar o curso anterior. Respetar a estrutura disciplinar da materia, determinada polos bloques de contidos do currículo oficial e ser concretada nos ítems que a conforman. Cada ítem debe ter en conta os contidos concretos que pretende medir, as súas operacións cognitivas e as competencias curriculares do alumno que a súa adquisición esixe.

En 1º da ESO esta avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso. En función dos resultados, e coa colaboración do Departamento de Orientación, proporanse, de ser o caso, as medidas de atención á diversidade pertinentes e que están recollidas no apartado correspondente desta programación, e serán comunicadas ás familias do alumnado afectado a través dos tutores/as. A intención da avaliación inicial é proporcionar aos centros un instrumento de avaliación das capacidades e coñecementos con que contan os alumnos e alumnas que se incorporan ao centro, en especial en primeiro de Secundaria, a fin de abordar o proceso educativo con garantías, prever e anticipar axustes individuais e emendar atrasos escolares. Ademais no caso de que o alumno se incorpore ao centro recolleranse os datos relevantes sobre o seu proceso de desenvolvemento mediante a información proporcionada pola familia e/ou por outros profesionais que aporten datos de interese.

#### **Procesual.**

A avaliación continua require unha constante información sobre a situación de cada alumno en relación co proceso da ensino-aprendizaxe. É imprescindible coñecer en todo momento a situación de cada alumno, polo que é preciso que a avaliación se faga día a día para se se quere que sirva para decidir sobre novas propostas, ritmo de traballo ou interaccións entre o profesor e os seus alumnos:

Algúns instrumentos útiles para a súa realización poden ser os seguintes:

- Observación directa (OD).
- Discusión na clase (DC).
- Exposición de temas ou problemas (EO).
- Realización dun caderno de clase (CC).
- Elaboración de proxectos (EP).
- Entrevistas estruturadas ou libres ou cuestionarios (EC).
- Exercicios individuais de resposta curta, abertas, sen final ou de elección múltiple (EI).
- Traballos individuais (TI).
- Traballos grupais (TG).
- Actividades interactivas feitas co ordenador (AID).
- Probas escritas. Estas se realizarán ao rematar unha unidade didáctica para determinar en que medida cada alumno acadou as competencias clave (PE).

O profesor pode considerar tamén a posibilidade de recoller o caderno de clase como regulador do traballo cotián por canto proporciona indicacións claras sobre o que foi capaz de facer cada alumno, onde topou maiores dificultades e cales son os seus métodos e modos de traballo. Ademais, a través del pódense determinar ideas e conceptos mal elaborados, falta de destreza en algoritmos específicos...

## **Final.**

A avaliación final constitúe a culminación do proceso da avaliación continua. A súa finalidade é sintetizar o mais relevante da información obtida na avaliación continua para concluír o proceso avaliador da secuencia da aprendizaxe e, a partir dela, realizar unha estimación global de cada alumno no desenvolvemento das capacidades expresadas nos obxectivos xerais de etapa. Esta avaliación se realizará cos datos obtidos ao longo do curso.

## **Criterios de cualificación.**

Os criterios de cualificación, aínda que non sexa este o fin da avaliación, proporcionan un instrumento cuantitativo que de forma obxectiva fixa a cualificación que se reflexa no boletín de notas cada trimestre e no expediente académico.

As probas escritas serán deseñadas e puntuadas polo profesor de forma que poidan ser superadas por todo alumno que alcance un grao de consecución dos estándares de aprendizaxe de "Case sempre" ou "Sempre" nun 50% dos estándares contidos no exame do primeiro dos bloques nos que está dividida a materia, e un grao de "Aceptable" ou "Bo" en polo menos un 50% dos estándares contidos no exame en cada un dos restantes bloques. Os estándares contidos no primeiro bloque estarán incluídos de xeito transversal nas probas escritas, e serán avaliados conxuntamente cos estándares do resto dos bloques. As probas escritas unicamente incluírán os estándares correspondentes ás unidades impartidas en clase.

As probas escritas que se fagan ao longo dunha avaliación terán uns pesos distintos á hora de calcular a nota final. Así, o primeiro exame de cada trimestre terá un peso de 1, o segundo de 2 e así sucesivamente, tendo polo tanto o exame n-ésimo dunha avaliación un peso de n á hora de ponderar a nota media final da mesma. Isto será así debido a que no exame que se faga ao remate de cada unidade didáctica non só entrará a materia correspondente a dita unidade, senón tamén a correspondente ás unidades didácticas explicadas anteriormente nesa mesma avaliación.

Polo tanto, para calcular a nota correspondente ao 80% das probas escritas se empregará a seguinte fórmula matemática:

$$\frac{n_1 + 2 \cdot n_2 + \dots + k \cdot n_k}{1 + 2 + \dots + k}$$

sendo  $n_i$  a nota obtida no exame i-ésimo dunha avaliación na que se fixeron un total de  $k$  probas escritas.

Para obter a cualificación dunha avaliación calcularase a media ponderada segundo os pesos sinalados na táboa seguinte. Para o redondeo desta terase en conta a evolución do alumno e o grao de consecución das competencias.

		<b>COMPETENCIAS QUE SE AVALÍAN</b>
80% da nota	<b>Probas escritas</b>	CCL, CMCCT CD, CAA
20% da nota	<b>Traballos colaborativos, presentacións, traballos individuais,.....</b>	CCL, CMCCT CD CSC, CCSC, CSIEP CAA, CSIEE

Considerase que un alumno ten superada unha avaliación se obtén ao menos un 5 despois de aplicar os criterios anteriores.

A cualificación final, unha vez rematada a 3ª avaliación, será a media aritmética das notas das tres avaliacións. Para superar a materia será necesario ter polo menos dúas avaliacións aprobadas e non ter unha nota inferior a 4 en ningunha delas, ademais de obter unha puntuación non inferior a 5 na media das tres avaliacións.

Cada alumna/o que non supere unha avaliación terá a oportunidade de recuperala ao inicio da seguinte avaliación a través dunha proba escrita (80% que substituirá a nota das probas escritas da avaliación suspensa), baseada nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación.

Nas dúas últimas semanas de curso, o alumno ou alumna que teña algunha ou algunhas avaliacións suspensas, poderá examinarse das unidades didácticas correspondentes a esas avaliacións. Esta proba estará valorada sobre 8, e as puntuacións correspondentes substituirán a nota das probas escritas das avaliacións non superadas. Por cuestións de tempo, a recuperación da terceira avaliación pode coincidir con esta última oportunidade.

2.1.10. Obxectivos, contidos, secuenciación e temporalización, criterios de avaliación e mínimos esixibles da materia de Matemáticas por niveis.

2.1.10.1 MATEMÁTICAS 2ºESO

Matemáticas. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Expresar verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.1.1. Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ E</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.</li> <li>▪ B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución de problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.</li> <li>▪ B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas achadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, valorando a súa eficacia e idoneidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>



Matemáticas. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.4.2. Formúlase novos problemas, a partir de un resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

Matemáticas. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e buscar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas e aprender diso para situacións similares futuras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e sinxeleza das ideas claves, aprendendo para situacións futuras similares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Recollida ordenada e a organización de datos.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>

Matemáticas. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ g	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.</li> <li>– Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.</li> <li>– Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.</li> <li>– Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos.</li> <li>– Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.</li> </ul>	matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.	manualmente	
			▪ MAB1.11.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.	▪ CMCCT
			▪ MAB1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.	▪ CMCCT
			▪ MAB1.11.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.	▪ CMCCT
			▪ MAB1.11.5. Utiliza medios tecnolóxicos para tratar datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións.	▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Recollida ordenada e a organización de datos.</li> </ul> </li> <li>– Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.</li> <li>– Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.</li> <li>– Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.</li> <li>– Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos.</li> <li>– Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.</li> </ul>	▪ MAB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, video, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			▪ MAB1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.	▪ CCL
			▪ MAB1.12.3. Usa adecuadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			▪ MAB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

Matemáticas. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 2. Números e álgebra				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Números enteiros: representación, ordenación na recta numérica e operacións. Operacións con calculadora ou outros medios tecnolóxicos.</li> <li>▪ B2.2. Fraccións en ámbitos cotiáns. Fraccións equivalentes. Comparación de fraccións. Representación, ordenación e operacións.</li> <li>▪ B2.3. Números decimais: representación, ordenación e operacións.</li> <li>▪ B2.4. Relación entre fraccións e decimais. Conversión e operacións.</li> <li>▪ B2.5. Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións.</li> <li>▪ B2.6. Potencias de base 10. Utilización da notación científica para representar números grandes.</li> <li>▪ B2.7. Cadrados perfectos. Raíces cadradas. Estimación e obtención de raíces aproximadas.</li> <li>▪ B2.8. Xerarquía das operacións.</li> <li>▪ B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Utilizar números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, e porcentaxes sinxelas, as súas operacións e as súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información, e resolver problemas relacionados coa vida diaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB2.1.1. Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB2.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB2.1.3. Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Números enteiros: representación, ordenación na recta numérica e operacións. Operacións con calculadora ou outros medios tecnolóxicos.</li> <li>▪ B2.2. Fraccións en ámbitos cotiáns. Fraccións equivalentes. Comparación de fraccións. Representación, ordenación e operacións.</li> <li>▪ B2.3. Números decimais: representación, ordenación e operacións.</li> <li>▪ B2.4. Relación entre fraccións e decimais. Conversión e operacións.</li> <li>▪ B2.5. Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións.</li> <li>▪ B2.6. Potencias de base 10. Utilización da notación científica para representar números grandes.</li> <li>▪ B2.7. Cadrados perfectos. Raíces cadradas. Estimación e obtención de raíces aproximadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Coñecer e utilizar propiedades e novos significados dos números en contextos de paridade, divisibilidade e operacións elementais, mellorando así a comprensión do concepto e dos tipos de números.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB2.2.1. Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural e aplica as regras básicas das operacións con potencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB2.2.2. Realiza operacións de conversión entre números decimais e fraccionarios, acha fraccións equivalentes e simplifica fraccións, para aplicalo na resolución de problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB2.2.3. Utiliza a notación científica e valora o seu uso para simplificar cálculos e representar números moi grandes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

Matemáticas. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.8. Xerarquía das operacións.</li> <li>B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora.</li> </ul>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.8. Xerarquía das operacións.</li> <li>B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Desenvolver, en casos sinxelos, a competencia no uso de operacións combinadas como síntese da secuencia de operacións aritméticas, aplicando correctamente a xerarquía das operacións ou estratexias de cálculo mental.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB2.3.1. Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios, con eficacia, mediante o cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Elixir a forma de cálculo apropiada (mental, escrita ou con calculadora), usando estratexias que permitan simplificar as operacións con números enteiros, fraccións, decimais e porcentaxes, e estimando a coherencia e a precisión dos resultados obtidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB2.4.1. Desenvolve estratexias de cálculo mental para realizar cálculos exactos ou aproximados, valorando a precisión esixida na operación ou no problema.</li> <li>MAB2.4.2. Realiza cálculos con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, decidindo a forma máis axeitada (mental, escrita ou con calculadora), coherente e precisa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>f</li> <li>g</li> <li>h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.10. Cálculos con porcentaxes (mental, manual e con calculadora). Aumentos e diminucións porcentuais.</li> <li>B2.11. Razón, proporción e taxa. Taxa unitaria. Factores de conversión. Magnitudes directa e inversamente proporcionais. Constante de proporcionalidade.</li> <li>B2.12. Resolución de problemas nos que interveña a proporcionalidade directa ou inversa, ou variacións porcentuais. Reparticións directa e inversamente proporcionais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.5. Utilizar diferentes estratexias (emprego de táboas, obtención e uso da constante de proporcionalidade, redución á unidade, etc.) para obter elementos descoñecidos nun problema a partir doutros coñecidos en situacións da vida real nas que existan variacións porcentuais e magnitudes directa ou inversamente proporcionais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB2.5.1. Identifica e discrimina relacións de proporcionalidade numérica (como o factor de conversión ou cálculo de porcentaxes) e emprégaas para resolver problemas en situacións cotiás.</li> <li>MAB2.5.2. Analiza situacións sinxelas e reconece que interveñen magnitudes que non son directa nin inversamente proporcionais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>f</li> <li>g</li> <li>h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.13. Tradución de expresións da linguaxe cotiá que representen situacións reais, á alxébrica, e viceversa.</li> <li>B2.14. Significados e propiedades dos números en contextos diferentes ao do cálculo (números triangulares, cadrados, pentagonais, etc.).</li> <li>B2.15. Linguaxe alxébrica para xeneralizar</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.6. Analizar procesos numéricos cambiantes, identificando os patróns e leis xerais que os rexen, utilizando a linguaxe alxébrica para expresalos, comunicalos e realizar predicións sobre o seu comportamento ao modificar as variables, e operar con expresións alxébricas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB2.6.1. Describe situacións ou enunciados que dependen de cantidades variables ou descoñecidas e secuencias lóxicas ou regularidades, mediante expresións alxébricas, e opera con elas.</li> <li>MAB2.6.2. Identifica propiedades e leis xerais a partir do estudo de procesos numéricos recorrentes ou cambiantes, exprésaaas mediante a linguaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CMCCT</li> </ul>

Matemáticas. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>propiedades e simbolizar relacións. Obtención de fórmulas e termos xerais baseada na observación de pautas e regularidades. Valor numérico dunha expresión alxébrica.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>B2.16. Operacións con expresións alxébricas sinxelas. Transformación e equivalencias. Identidades. Operacións con polinomios en casos sinxelos.</li> </ul>		<p>alxébrica e utilízalas para facer predicións.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>MAB2.6.3. Utiliza as identidades alxébricas notables e as propiedades das operacións para transformar expresións alxébricas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> <li>h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.17. Ecuacións de primeiro grao cunha incógnita e de segundo grao cunha incógnita. Resolución por distintos métodos. Interpretación das solucións. Ecuacións sen solución. Resolución de problemas.</li> <li>B2.18. Sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas. Métodos alxébricos de resolución e método gráfico. Resolución de problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.7. Utilizar a linguaxe alxébrica para simbolizar e resolver problemas mediante a formulación de ecuacións de primeiro e segundo grao, e sistemas de ecuacións, aplicando para a súa resolución métodos alxébricos ou gráficos, e contrastando os resultados obtidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB2.7.1. Comproba, dada unha ecuación (ou un sistema), se un número ou uns números é ou son solución desta.</li> <li>MAB2.7.2. Formula alxebricamente unha situación da vida real mediante ecuacións de primeiro e segundo grao, e sistemas de ecuacións lineais con dúas incógnitas, resólveas e interpreta o resultado obtido.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CMCCT</li> </ul>
Bloque 3. Xeometría				
<ul style="list-style-type: none"> <li>f</li> <li>h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Triángulos rectángulos. Teorema de Pitágoras. Xustificación xeométrica e aplicacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Recoñecer o significado aritmético do teorema de Pitágoras (cadrados de números e ternas pitagóricas) e o significado xeométrico (áreas de cadrados construídos sobre os lados), e empregalo para resolver problemas xeométricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB3.1.1. Comprende os significados aritmético e xeométrico do teorema de Pitágoras e utilízalos para a procura de ternas pitagóricas ou a comprobación do teorema, construíndo outros polígonos sobre os lados do triángulo rectángulo.</li> <li>MAB3.1.2. Aplica o teorema de Pitágoras para calcular lonxitudes descoñecidas na resolución de triángulos e áreas de polígonos regulares, en contextos xeométricos ou en contextos reais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2. Semellanza: figuras semellantes. Criterios de semellanza. Razón de semellanza e escala. Razón entre lonxitudes, áreas e volumes de corpos semellantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2. Analizar e identificar figuras semellantes, calculando a escala ou razón de semellanza e a razón entre lonxitudes, áreas e volumes de corpos semellantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB3.2.1. Recoñece figuras semellantes e calcula a razón de semellanza e a razón de superficies e volumes de figuras semellantes.</li> <li>MAB3.2.2. Utiliza a escala para resolver problemas da vida cotiá sobre planos, mapas e outros contextos de semellanza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CMCCT</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3. Poliedros e corpos de revolución: elementos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3. Analizar corpos xeométricos (cubos, ortoedros, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB3.3.1. Analiza e identifica as características de corpos xeométricos utilizando a linguaxe xeométrica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>

Matemáticas. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	característicos; clasificación. Áreas e volumes.	identificar os seus elementos característicos (vértices, arestas, caras, desenvolvementos planos, seccións ao cortar con planos, corpos obtidos mediante seccións, simetrías, etc.).	<b>axeitada.</b>	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB3.3.2. Constrúe seccións sinxelas dos corpos xeométricos, a partir de cortes con planos, mentalmente e utilizando os medios tecnolóxicos axeitados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ l</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Propiedades, regularidades e relacións dos poliedros. Cálculo de lonxitudes, superficies e volumes do mundo físico.</li> <li>▪ B3.5. Uso de ferramentas informáticas para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Resolver problemas que leven consigo o cálculo de lonxitudes, superficies e volumes do mundo físico, utilizando propiedades, regularidades e relacións dos poliedros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>MAB3.3.3. Identifica os corpos xeométricos a partir dos seus desenvolvementos planos e reciprocamente.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>MAB3.4.1. Resolve problemas da realidade mediante o cálculo de áreas e volumes de corpos xeométricos, utilizando as linguaxes xeométrica e alxébrica axeitadas.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
Bloque 4. Funcións				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Concepto de función: variable dependente e independente; formas de presentación (linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula); crecemento e decrecemento; continuidade e descontinuidade; cortes cos eixes; máximos e mínimos relativos. Análise e comparación de gráficas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Manexar as formas de presentar unha función (linguaxe habitual, táboa numérica, gráfica e ecuación), pasando dunhas formas a outras e elixindo a mellor delas en función do contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>MAB4.1.1. Pasa dunhas formas de representación dunha función a outras, e elixe a máis adecuada en función do contexto.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Concepto de función: variable dependente e independente; formas de presentación (linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula); crecemento e decrecemento; continuidade e descontinuidade; cortes cos eixes; máximos e mínimos relativos. Análise e comparación de gráficas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Comprender o concepto de función, e recoñecer, interpretar e analizar as gráficas funcionais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>MAB4.2.1. Recoñece se unha gráfica representa ou non unha función.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>MAB4.2.2. Interpreta unha gráfica e analiza, recoñecendo as súas propiedades máis características.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Funcións lineais. Cálculo, interpretación e identificación da pendente da recta. Representacións da recta a partir da ecuación e obtención da ecuación a partir dunha recta.</li> <li>▪ B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e interpretación de gráficas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Recoñecer, representar e analizar as funcións lineais, e utilízalas para resolver problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>MAB4.3.1. Recoñece e representa unha función lineal a partir da ecuación ou dunha táboa de valores, e obtén a pendente da recta correspondente.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>MAB4.3.2. Obtén a ecuación dunha recta a partir da gráfica ou táboa de valores.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>MAB4.3.3. Escribe a ecuación correspondente á</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

Matemáticas. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<p>relación lineal existente entre dúas magnitudes, e representaa.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>MAB4.3.4. Estuda situacións reais sinxelas e, apoiándose en recursos tecnolóxicos, identifica o modelo matemático funcional (lineal ou afin) máis axeitado para explicalas, e realiza predicións e simulacións sobre o seu comportamento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
Bloque 5. Estatística e probabilidade				
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>b</li> <li>c</li> <li>d</li> <li>e</li> <li>f</li> <li>g</li> <li>h</li> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.1. Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas.</li> <li>B5.2. Organización en táboas de datos recollidos nunha experiencia.</li> <li>B5.3. Diagramas de barras e de sectores. Polígonos de frecuencias; diagramas de caixa e bigotes</li> <li>B5.4. Medidas de tendencia central.</li> <li>B5.5. Medidas de dispersión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.1. Formular preguntas axeitadas para coñecer as características de interese dunha poboación e recoller, organizar e presentar datos relevantes para respondelas, utilizando os métodos estatísticos apropiados e as ferramentas axeitadas, organizando os datos en táboas e construíndo gráficas, calculando os parámetros relevantes, e obtendo conclusións razoables a partir dos resultados obtidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB5.1.1. Organiza datos, obtidos dunha poboación de variables cualitativas ou cuantitativas en táboas, calcula e interpreta as súas frecuencias absolutas, relativas, e acumuladas, e representaaos graficamente.</li> <li>MAB5.1.2. Calcula a media aritmética, a mediana (intervalo mediano), a moda (intervalo modal), o rango e os cuartís, elixe o máis axeitado, e emprégaos para interpretar un conxunto de datos e para resolver problemas.</li> <li>MAB5.1.3. Interpreta gráficos estadísticos sinxelos recollidos en medios de comunicación e outros ámbitos da vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CMCCT</li> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>f</li> <li>h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.2. Organización en táboas de datos recollidos nunha experiencia.</li> <li>B5.3. Diagramas de barras e de sectores. Polígonos de frecuencias, diagramas de caixa e bigotes</li> <li>B5.4. Medidas de tendencia central.</li> <li>B5.5. Medidas de dispersión: rango e cuartís, percorrido intercuarílico, varianza e desviación típica.</li> <li>B5.6. Utilización de calculadoras e ferramentas tecnolóxicas para o tratamento de datos, creación e interpretación de gráficos e elaboración de informes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.2. Utilizar ferramentas tecnolóxicas para organizar datos, xerar gráficas estadísticas, calcular parámetros relevantes e comunicar os resultados obtidos que respondan ás preguntas formuladas previamente sobre a situación estudada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB5.2.1. Emprega a calculadora e ferramentas tecnolóxicas para organizar datos, xerar gráficos estadísticos e calcular as medidas de tendencia central, o rango e os cuartís.</li> <li>MAB5.2.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para comunicar información resumida e relevante sobre unha variable estatística analizada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>f</li> <li>h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.7. Fenómenos deterministas e aleatorios.</li> <li>B5.8. Formulación de conxecturas sobre o comportamento de fenómenos aleatorios sinxelos e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.3. Diferenciar os fenómenos deterministas dos aleatorios, valorando a posibilidade que ofrecen as matemáticas para analizar e facer predicións razoables acerca do comportamento dos aleatorios a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB5.3.1. Identifica os experimentos aleatorios e distíngueos dos deterministas.</li> <li>MAB5.3.2. Calcula a frecuencia relativa dun suceso</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CMCCT</li> </ul>



Matemáticas. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>deseño de experiencias para a súa comprobación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.9. Frecuencia relativa dun suceso e a súa aproximación á probabilidade mediante a simulación ou experimentación.</li> </ul>	<p>partir das regularidades obtidas ao repetir un número significativo de veces a experiencia aleatoria, ou o cálculo da súa probabilidade.</p>	<p>mediante a experimentación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB5.3.3. Realiza predicións sobre un fenómeno aleatorio a partir do cálculo exacto da súa probabilidade ou a aproximación desta mediante a experimentación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.10. Sucesos elementais equiprobables e non equiprobables.</li> <li>▪ B5.11. Espazo mostral en experimentos sinxelos. Táboas e diagramas de árbore sinxelos.</li> <li>▪ B5.12. Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace en experimentos sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Inducir a noción de probabilidade a partir do concepto de frecuencia relativa e como medida de incerteza asociada aos fenómenos aleatorios, sexa ou non posible a experimentación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MAB5.4.1. Describe experimentos aleatorios sinxelos e enumera todos os resultados posibles, apoiándose en táboas, recontos ou diagramas en árbore sinxelos.</li> <li>▪ MAB5.4.2. Distingue entre sucesos elementais equiprobables e non equiprobables.</li> <li>▪ MAB5.4.3. Calcula a probabilidade de sucesos asociados a experimentos sinxelos mediante a regra de Laplace, e exprésaa en forma de fracción e como porcentaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

**b) Temporalización. Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia.**

Matemáticas. 2º de ESO				
Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Instrumentos de avaliación	
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas				
<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.</li> </ul>	Ó longo de todo o curso.	Escaso	Case nunca	DC EO TG
		Baixo	Poucas veces	
		Aceptable	Case sempre	
		Bo	Sempre	
<ul style="list-style-type: none"> <li>MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema).</li> <li>MAB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema.</li> <li>MAB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia.</li> <li>MAB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución.</li> </ul>	Ó longo de todo o curso.	Escaso	Ten moitas dificultades para extraer os datos, ou para entender qué lle piden.	PE OD EI DC EO TG
		Baixo	Identifica e interpreta os datos que se dan, sexa de forma narrativa, por medio de gráficos, táboas, diagramas, etc. Localiza o que hai que resolver, pero lle costa ver ou calcular os posibles elementos intermedios necesarios para chegar a elo.	
		Aceptable	Opera e aplica correctamente as estratexias, organiza e escribe correctamente os pasos e os resultados,	
		Bo	Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver recurrido a estratexias alternativas en caso necesario.	
		Escaso	A estratexia elexida non é a máis axeitada nesta ocasión.	

Matemáticas. 2º de ESO

Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución		Instrumentos de avaliación
		Baixo	É quen de explorar (estudiar casos particulares, límite, especiais, etc.); xeneralizar (buscar pautas e regularidades, ...) A selección e a aplicación da estratexia elexida demostra comprensión dos conceptos matemáticos involucrados, xa que escolle sen axuda a máis efectiva pero comete erros no desenvolvemento da estratexia elexida	
- c. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e. Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa Comunidade Autónoma.
- f. Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu ámbito social.
- i. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l. Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.
- m. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o. Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p. Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

### **3.1. Materia de Matemáticas II.**

#### **3.2.1. Obxectivos xerais.**

Como resultado do proceso de ensinanza e aprendizaxe, as Matemáticas no bacharelato de ciencias e tecnoloxía contribuirán ao desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Aplicar os conceptos, procedementos e estratexias propias das Matemáticas a situacións diversas, comprendendo as abundantes conexións internas entre os seus contidos, de xeito que permitan avanzar no estudio das propias Matemáticas e doutras ciencias e adquirir unha formación científica xeral.
2. Utilizar as estratexias características da investigación científica e as destrezas propias das Matemáticas (formulación de problemas, planificación e ensaio, experimentación, aplicación da indución e da dedución, formulación e aceptación ou rexeitamento das conxecturas, comprobación dos resultados obtidos) para realizar investigacións, explorar fenómenos e resolver problemas e situacións provenientes de actividades cotiás ou de diferentes ámbitos do saber.
3. Adquirir rigor no pensamento científico formulando acertadamente os problemas, establecendo definicións precisas, amosando interese polo traballo cooperativo, xustificando procedementos, encadeando coherentemente os argumentos, comunicándose con eficacia e precisión, detectando incorreccións lóxicas, cuestionando aseveracións intuitivas ou carentes de rigor e mostrando unha actitude flexible, aberta e crítica ante outros xuízos e razoamentos.
4. Empregar os actuais recursos tecnolóxicos para obter e procesar información, facilitar a comprensión de conceptos e propiedades matemáticas, realizar cálculos e representacións gráficas e servir como ferramenta na resolución de problemas.
5. Relacionar as Matemáticas con outras áreas do saber, valorando as achegas que se fan entre elas para o seu respectivo desenvolvemento.
6. Expresarse verbalmente e por escrito en situacións susceptibles de ser tratadas matematicamente, comprendendo e manexando termos, notacións e representacións matemáticas.

### **3.2.2. Contribución da materia de Matemáticas ao fomento da lectura.**

Co fin de fomentar a lectura facilitaráselle aos alumnos/as diverso material:

- Artigos científicos nos que se trate as aplicacións das Matemáticas nos avances doutras ciencias (informática, física, bioloxía, economía,...)
- Artigos que traten da historia das Matemáticas e os seus avances.
- Artigos que mostren a parte máis lúdica, recreativa e estética das Matemáticas.
- Artigos que nos mostren a biografía de grandes matemáticos e matemáticas.

Este material poderán ser fotocopias de revistas, periódicos,... ou tamén enderezos de páxinas web, e procurarase entregalo en cada un dos temas.

### **3.2.3. Contribución da materia de Matemáticas ao fomento das TICs.**

Co fin de fomentar o acceso e o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación, desde o departamento de Matemáticas propoñemos as seguintes medidas:

- Empregar unha folla de cálculo como Excel e programas informáticos como Wiris, Geogebra,... para facer cálculos, explicar conceptos ou mostrar propiedades.
- Facer uso da calculadora científica.
- Propoñer a busca de información en internet, para o cal se lles indicará aos alumnos/as portais ou paxinas web con contido matemático.
- Utilización da aula virtual como medio máis de adquisición, consulta e ampliación de coñecementos, entrega de tarefas, realización de probas, .....
- Utilización da plataforma Webex, no caso de ensino non presencial, para impartir clase.
- Uso do correo-e como forma unha ferramenta máis de traballo e comunicación.

### 3.2.4. Materiais curriculares e recursos didácticos.

En bacharelato, na materia de Matemáticas, non hai un libro de texto obrigatorio. No primeiro curso, son os propios alumnos/as os que deben elaborar os seus apuntamentos logo da exposición teórica do tema no encerado por parte do profesor. No segundo curso, o profesor facilitaralle un resumo do tema que o alumno/a deberá completar durante a explicación que del faga o profesor na clase.

De todos os xeitos, o alumno/a debe ser quen de buscar información e de traballar con distintos libros de texto, para ver outros enfoques dos temas, outras nomenclaturas empregadas, etc. Con este fin, se propoñen os seguintes recursos:

#### Recursos online:

##### Aula virtual do centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesderodeira/aulavirtual/course/index.php?categoryid=9>

<http://www.apuntesmareaverde.org.es/grupos/mat/BACHILLERATOS.htm>

Enderezo no que se poden descargar de xeito libre os temas das materias de matemáticas do bacharelato.

<http://www.wiris.net/demo/wiris/es/>

Enderezo no que se pode atopar unha versión online do programa de álgebra computacional Wiris, unha calculadora con capacidade de cálculo simbólico.

<http://www.geogebra.org/webstart/geogebra.html>

Enderezo no que se pode atopar unha versión online do programa de xeometría dinámica GeoGebra, un programa no que se combina álgebra, xeometría e cálculo.

<http://maxima.cesga.es/>

Enderezo no que se pode atopar unha versión online do programa de álgebra computacional Maxima, un programa con capacidade de cálculo simbólico.

<http://recursostic.educacion.es/descartes/web/>

Enderezo web do proxecto descartes que inclúe diversos materiais didácticos (applets en Java) para a aprendizaxe das Matemáticas ordenados tanto por temas como por cursos.

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesderodeira/aulavirtual/>

Enderezo web da aula virtual do IES de Rodeira.

<http://www.vitutor.com/>

Plataforma de teleformación especializada en Matemáticas onde se poden atopar tanto teoría como exercicios resoltos ligados ao currículo.

<http://www.amolasmates.es/>

Portal matemático onde se poden atopar tanto teoría como exercicios ligado ao currículo ou a aspectos máis lúdicos da Matemática.

<http://www.matematicas.net/>

Portal matemático de carácter xeral, con software, noticias, foros,...

<http://www.clasesdeapoyo.com/>

Páxina web con teoría e exercicios de diversas materias organizados por cursos.

<http://matematicasbachiller.com/>

Enderezo web no que atopar vídeos con explicacións de temas matemáticos a nivel de Bacharelato e universidade.

<http://www.aula21.net/primera/maticas.htm>

Enderezo web no que atopar un directorio de páxinas web ligadas ás Matemáticas.

### **Libros de texto para a materia de Matemáticas II:**

Matemáticas II. Editorial Anaya.

Autores: José Colera, María José Oliveira, Ramón Colera.

ISBN: 978-84-698-1277-8

Matemáticas II. Editorial SM.

Autores: José Ramón Vizmanos, Joaquín Hernández, Fernando Alcaide.

ISBN: 978-84-675-3472-6

Matemáticas II. Editorial Santillana.

Autores: Angélica Escovedo, María Dolores Gómez, José Lorenzo, Pedro Machín, Carlos Pérez, José del Río, Domingo Sánchez.

ISBN: 978-84-294-5030-9

Matemáticas II. Editorial McGraw-Hill.

Autores: Roberto Rodríguez, Javier Soler, Antonio Nevot.

ISBN: 978-84-481-2913-2

### **3.2.5. Metodoloxía e estratexias metodolóxicas.**

As propostas metodolóxicas para o desenvolvemento desta materia son as seguintes:

- Utilizar situacións próximas ao alumnado que posibiliten a identificación e comprensión dos problemas e posteriores solucións.
- Resolución de problemas en situacións e contextos distintos aos propostos previamente.
- Uso de materiais e procedementos de resolución variados.
- Uso das tecnoloxías da información e comunicación, ferramentas de cálculo, simulación, contraste, aproximación e estimación ou calquera outra que favoreza o proceso de abstracción.
- Valorar distintos camiños de presentación e de resolución de problemas, así como as solucións estéticas e creativas.
- Fomentar o traballo en equipo promovendo a disertación e a análise rigorosa.
- Proponer situacións diversas que posibiliten a investigación.



### **3.2.6. Avaliación: criterios de cualificación, procedementos e instrumentos de avaliación.**

A avaliación será continua, entendendo por tal que se efectuará ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, formativa, de xeito que proporcione a información necesaria para a detección das dificultades do alumnado e permita a toma de decisións en canto á toma de medidas precisas para a continuación satisfactoria da formación do alumnado e sumativa, isto é: deberá ter en conta todas as partes en que o profesor divide a materia para a súa avaliación.

Realizaranse probas agrupando a materia en bloques temáticos. Para aprobar a asignatura é necesario ter aprobado todos e cada un dos bloques temáticos nos que se divida materia de estudo da asignatura.

As probas escritas serán deseñadas e puntuadas polo profesor de forma que poidan ser superadas por todo alumno que alcance un grao de consecución dos estándares de aprendizaxe de "Case sempre" ou "Sempre" nun 50% dos estándares contidos no exame do primeiro dos bloques nos que está dividida a materia, e un grao de "Aceptable" ou "Bo" en polo menos un 50% dos estándares contidos no exame en cada un dos restantes bloques. Os estándares contidos no primeiro bloque estarán incluídos de xeito transversal nas probas escritas, e serán avaliados conxuntamente cos estándares do resto dos bloques.

Os exames escritos terán carácter individual e suporán o 90 % da nota global, tanto dunha avaliación como da nota final do curso. Neles valoraráselles o seu coñecemento e comprensión dos conceptos, os procedementos ensinados, a capacidade para aplicar coñecementos na resolución de problemas e a capacidade para racionalizar, analizar e relacionar uns conceptos con outros.

Se nunha mesma avaliación se realizan varios exames escritos, farase media entre eles sempre e cando o alumno/a teña aprobados todos os exames feitos nesa avaliación. Os alumnos/as que non aproben algún destes exames poderán alcanzar unha cualificación máxima de 4 nesa avaliación e terán que facer unha recuperación.

O 10% da nota restante basearase na valoración do grao de implicación do alumno/a na realización das tarefas.

A suma das dúas notas determinará a cualificación da materia en cada avaliación.

Despois da primeira e da segunda avaliación haberá un exame por cada bloque temático estudado nesa avaliación, exame ao que se deberán presentar todos aqueles alumnos/as que suspenderan esa parte durante a avaliación. A ese exame tamén se poderán presentar, de forma

voluntaria, todos aqueles alumnos/as que desexen mellorar a súa nota. En ambos casos farase a media aritmética entre a nota obtida neste novo exame e a acadada no exame anterior, dese mesmo bloque, tendo sempre garantida unha nota mínima de 4,5 (sobre 9) en caso de ter aprobado nalgún momento a parte da materia á que se presentan. Desesta forma obterase a nota correspondente ás probas escritas de cada bloque temático.

Ao final do curso, os alumnos/as que teñan algunha parte suspensa poderán realizar un exame por cada unha das partes para tentar recuperalas.

No caso do exame da última unidade didáctica dada na terceira avaliación, se non dera tempo a facer un exame de recuperación específico, os alumnos/as que desexen subir nota así como aqueles que teñan que recuperar esa parte deberán presentarse a estes exames finais, empregando neste caso o mesmo método para calcular a nota do último bloque temático que nas dúas avaliacións anteriores.

A nota final se decidirá facendo a media aritmética da nota obtida en cada bloque temático no que se dividiu a materia ao longo do curso, considerando sempre como unha única nota todas aquelas que fagan referencia ó mesmo bloque temático.

Na convocatoria extraordinaria, a cualificación terá en conta unicamente a nota do exame que estará puntuado sobre 10, co cal será necesario ter como mínimo un 5 para aprobar a materia.

### 3.2.7. Obxectivos, contidos, secuenciación e temporalización, criterios de avaliación e mínimos esixibles da materia de Matemáticas II .

#### 2º BACHARELATO LOMCE.

##### a) Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

Matemáticas II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Expresar verbalmente, de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.1.1. Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.</li> <li>▪ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: relación con outros problemas coñecidos; modificación de variables e suposición do problema resolto.</li> <li>▪ B1.3. Solucións e/ou resultados obtidos: coherencia das solucións coa situación, revisión sistemática do proceso, outras formas de resolución, problemas parecidos, xeneralizacións e particularizacións interesantes.</li> <li>▪ B1.4. Iniciación á demostración en matemáticas: métodos, razoamentos, linguaxes, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.2.1. Analiza e comprende o enunciado que cómpre resolver ou demostrar (datos, relacións entre os datos, condicións, hipótese, coñecementos matemáticos necesarios, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.2.2. Valora a información dun enunciado e relacióna co número de solucións do problema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cómpre a resolver, e valora a súa utilidade e a súa eficacia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.2.5. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Iniciación á demostración en matemáticas: métodos, razoamentos, linguaxes, etc.</li> <li>▪ B1.5. Métodos de demostración: redución ao absurdo; método de indución; contraexemplos; razoamentos encadeados, etc.</li> <li>▪ B1.6. Razoamento dedutivo e indutivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Realizar demostracións sinxelas de propiedades ou teoremas relativos a contidos alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.3.1. Utiliza diferentes métodos de demostración en función do contexto matemático.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.3.2. Reflexiona sobre o proceso de demostración (estrutura, método, linguaxe e símbolos, pasos clave, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

Matemáticas II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos.</li> </ul>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>g</li> <li>i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.6. Razoamento dedutivo e indutivo.</li> <li>B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos.</li> <li>B1.8. Elaboración e presentación oral e/ou escrita, utilizando as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de informes científicos sobre o proceso seguido na resolución dun problema ou na demostración dun resultado matemático.</li> <li>B1.9. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> <li>Recollida ordenada e a organización de datos.</li> <li>Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.</li> <li>Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.</li> <li>Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.</li> <li>Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo, e os resultados e as conclusións que se obteñen.</li> <li>Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.4. Elaborar un informe científico escrito que sirva para comunicar as ideas matemáticas xurdidas na resolución dun problema ou nunha demostración, coa precisión e o rigor adecuados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MA2B1.4.1. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto e á situación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>MA2B1.4.2. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>MA2B1.4.3. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema, á situación que cumpra resolver ou á propiedade ou o teorema que haxa que demostrar, tanto na procura de resultados como para a mellora da eficacia na comunicación das ideas matemáticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>i</li> <li>l</li> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.5. Planificar adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MA2B1.5.1. Coñece a estrutura do proceso de elaboración dunha investigación matemática: problema de investigación, estado da cuestión, obxectivos, hipótese, metodoloxía, resultados, conclusións, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>MA2B1.5.2. Planifica adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSIEE</li> </ul>

Matemáticas II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>MA2B1.5.3. Afonda na resolución dalgúns problemas, formulando novas preguntas, xeneralizando a situación ou os resultados, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>d</li> <li>h</li> <li>i</li> <li>l</li> <li>m</li> <li>n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.4. Iniciación á demostración en matemáticas: métodos, razoamentos, linguaxes, etc.</li> <li>B1.5. Métodos de demostración: redución ao absurdo; método de indución; contraexemplos; razoamentos encadeados, etc.</li> <li>B1.6. Razoamento dedutivo e indutivo.</li> <li>B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos.</li> <li>B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.6. Practicar estratexias para a xeración de investigacións matemáticas, a partir da resolución dun problema e o afondamento posterior, da xeneralización de propiedades e leis matemáticas, e do afondamento nalgún momento da historia das matemáticas, concretando todo iso en contextos numéricos, alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MA2B1.6.1. Xeneraliza e demostra propiedades de contextos matemáticos numéricos, alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>MA2B1.6.2. Busca conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (a historia da humanidade e a historia das matemáticas; arte e matemáticas; tecnoloxías e matemáticas, ciencias experimentais e matemáticas, economía e matemáticas, etc.) e entre contextos matemáticos (numéricos e xeométricos, xeométricos e funcionais, xeométricos e probabilísticos, discretos e continuos, finitos e infinitos, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>g</li> <li>i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.7. Linguaxe gráfica e alxébrica, e outras formas de representación de argumentos.</li> <li>B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.</li> <li>B1.11. Elaboración e presentación dun informe científico sobre o proceso, os resultados e as conclusións do proceso de investigación desenvolvido, utilizando as ferramentas e os medios tecnolóxicos axeitados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.7. Elaborar un informe científico escrito que recolla o proceso de investigación realizado, coa precisión e o rigor adecuados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>MA2B1.7.1. Consulta as fontes de información adecuadas ao problema de investigación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>MA2B1.7.2. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto do problema de investigación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>MA2B1.7.3. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>MA2B1.7.4. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema de investigación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>MA2B1.7.5. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>MA2B1.7.6. Reflexiona sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o nivel de resolución do problema de investigación e de consecución de obxectivos e, sí mesmo, formula posibles continuacións da investigación; analiza os puntos fortes e débiles do proceso e fai explícitas as</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>

Matemáticas II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			súas impresións persoais sobre a experiencia	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.12. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, e estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de problemas en situacións da realidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.8.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.8.2. Establece conexións entre o problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel, así como os coñecementos matemáticos necesarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.8.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos axeitados que permitan a resolución do problema ou dos problemas dentro do campo das matemáticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.8.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.8.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.12. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.9. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.9.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre logros conseguidos, resultados mellorables, impresións persoais do proceso, etc., valorando outras opinións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.10. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo.</li> <li>▪ B1.12. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.10. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.10.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade para a aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continuo, autocrítica constante, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.10.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.10.3. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

Matemáticas II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> <li>▪ p</li> </ul>			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, revisar de forma crítica os resultados achados; etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.10.4. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.13. Conianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes adecuadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.11. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.11.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, e valora as consecuencias destas e a conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.13. Conianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.12. Reflexionar sobre as decisións tomadas, valorando a súa eficacia e aprendendo delas para situacións similares futuras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.12.1. Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos, tomando conciencia das súas estruturas; valorando a potencia, a sinxeleza e a beleza das ideas e dos métodos utilizados; aprendendo diso para situacións futuras; etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.9. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Recollida ordenada e a organización de datos.</li> <li>– Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.</li> <li>– Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.</li> <li>– Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.</li> <li>– Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo, e os resultados e as conclusións que se obteñen.</li> <li>– Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.13. Empregar as ferramentas tecnolóxicas asecuadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.13.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.13.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.13.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.13.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.13.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

Matemáticas II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			información e elaborar conclusións.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.9. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> <li>– Recollida ordenada e a organización de datos.</li> <li>– Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.</li> <li>– Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.</li> <li>– Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.</li> <li>– Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo, e os resultados e as conclusións que se obteñen.</li> <li>– Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.14. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B1.14.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.</li> <li>▪ MA2B1.14.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.</li> <li>▪ MA2B1.14.3. Usa adecuadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora.</li> <li>▪ MA2B1.14.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
Bloque 2. Números e álgebra				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Estudo das matrices como ferramenta para manexar e operar con datos estruturados en táboas e grafos. Clasificación de matrices. Operacións.</li> <li>▪ B2.2. Aplicación das operacións das matrices e das súas propiedades na resolución de problemas extraídos de contextos reais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Utilizar a linguaxe matricial e as operacións con matrices para describir e interpretar datos e relacións na resolución de problemas diversos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B2.1.1. Utiliza a linguaxe matricial para representar datos facilitados mediante táboas ou grafos e para representar sistemas de ecuacións lineais, tanto de xeito manual como co apoio de medios tecnolóxicos axeitados.</li> <li>▪ MA2B2.1.2. Realiza operacións con matrices e aplica as propiedades destas operacións adecuadamente, de xeito manual ou co apoio de medios tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Estudo das matrices como ferramenta para manexar e operar con datos estruturados en táboas e grafos. Clasificación de matrices. Operacións.</li> <li>▪ B2.2. Aplicación das operacións das matrices e das</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Transcribir problemas expresados en linguaxe usual á linguaxe alxébrica e resolvelos utilizando técnicas alxébricas determinadas (matrices, determinantes e sistemas de ecuacións), e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B2.2.1. Determina o rango dunha matriz, ata orde 4, aplicando o método de Gauss ou determinantes.</li> <li>▪ MA2B2.2.2. Determina as condicións para que unha</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>



Matemáticas II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>súas propiedades na resolución de problemas extraídos de contextos reais.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Determinantes. Propiedades elementais.</li> <li>▪ B2.4. Rango dunha matriz.</li> <li>▪ B2.5. Matriz inversa.</li> <li>▪ B2.6. Representación matricial dun sistema: discusión e resolución de sistemas de ecuacións lineais. Método de Gauss. Regra de Cremor. Aplicación á resolución de problemas.</li> </ul>	interpretar criticamente o significado das solucións.	matriz teña inversa e cálculaa empregando o método máis axeitado.	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B2.2.3. Resolve problemas susceptibles de seren representados matricialmente e interpreta os resultados obtidos</li> </ul>	▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B2.2.4. Formula alxebricamente as restricións indicadas nunha situación da vida real, estuda e clasifica o sistema de ecuacións lineais formulado, resólveo nos casos en que sexa posible (empregando o método máis axeitado), e aplícao para resolver problemas.</li> </ul>	▪ CMCCT
Bloque 3. Análise				
▪ i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Límite dunha función nun punto e no infinito. Continuidade dunha función. Tipos de discontinuidade. Teorema de Bolzano.</li> <li>▪ B3.2. Función derivada. Teoremas de Rolle e do valor medio. A regra de L'Hôpital. Aplicación ao cálculo de límites.</li> <li>▪ B3.3. Aplicacións da derivada: problemas de optimización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Estudar a continuidade dunha función nun punto ou nun intervalo, aplicando os resultados que se derivan diso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B3.1.1. Coñece as propiedades das funcións continuas e representa a función nun ámbito dos puntos de discontinuidade.</li> </ul>	▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B3.1.2. Aplica os conceptos de límite e de derivada á resolución de problemas, así como os teoremas relacionados.</li> </ul>	▪ CMCCT
▪ i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Función derivada. Teoremas de Rolle e do valor medio. Regra de L'Hôpital. Aplicación ao cálculo de límites.</li> <li>▪ B3.3. Aplicacións da derivada: problemas de optimización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Aplicar o concepto de derivada dunha función nun punto, a súa interpretación xeométrica e o cálculo de derivadas ao estudo de fenómenos naturais, sociais ou tecnolóxicos, e á resolución de problemas xeométricos, de cálculo de límites e de optimización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B3.2.1. Aplica a regra de L'Hôpital para resolver indeterminacións no cálculo de límites.</li> </ul>	▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B3.2.2. Formula problemas de optimización relacionados coa xeometría ou coas ciencias experimentais e sociais, resólveos e interpreta o resultado obtido dentro do contexto.</li> </ul>	▪ CMCCT
▪ i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Primitiva dunha función. Integral indefinida. Propiedades. Técnicas elementais para o cálculo de primitivas (integrais inmediatas e case inmediatas, racionais, por partes e por cambios de variable sinxelos).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Calcular integrais de funcións sinxelas aplicando as técnicas básicas para o cálculo de primitivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B3.3.1. Aplica os métodos básicos para o cálculo de primitivas de funcións.</li> </ul>	▪ CMCCT
▪ g	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Integral definida. Teoremas do valor medio e fundamental do cálculo integral. Regra de Barrow.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Aplicar o cálculo de integrais definidas na medida de áreas de rexións planas limitadas por</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MA2B3.4.1. Calcula a área de recintos limitados por rectas e curvas sinxelas ou por dúas curvas.</li> </ul>	▪ CMCCT

Matemáticas II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ i	Aplicación ao cálculo de áreas de rexións planas.	rectas e curvas sinxelas que sexan doadamente representables e, en xeral, á resolución de problemas.	▪ MA2B3.4.2. Utiliza os medios tecnolóxicos axeitados para representar e resolver problemas de áreas de recintos limitados por funcións coñecidas.	▪ CMCCT
Bloque 4. Xeometría				
▪ i	▪ B4.1. Vectores no espazo tridimensional. Operacións. Base, dependencia e independencia lineal. Produto escalar, vectorial e mixto. Significado xeométrico.	▪ B4.1. Resolver problemas xeométricos espaciais, utilizando vectores.	▪ MA2B4.1.1. Realiza operacións elementais con vectores, manexando correctamente os conceptos de base e de dependencia e independencia lineal, e define e manexa as operacións básicas con vectores no espazo, utilizando a interpretación xeométrica das operacións con vectores para resolver problemas xeométricos.	▪ CMCCT
▪ i	▪ B4.2. Ecuacións da recta e o plano no espazo. Identificación dos elementos característicos. ▪ B4.3. Posicións relativas (incidencia, paralelismo e perpendicularidade entre rectas e planos).	▪ B4.2. Resolver problemas de incidencia, paralelismo e perpendicularidade entre rectas e planos utilizando as ecuacións da recta e do plano no espazo.	▪ MA2B4.2.1. Expresa a ecuación da recta das súas distintas formas, pasando dunha a outra correctamente, identificando en cada caso os seus elementos característicos, e resolvendo os problemas afíns entre rectas.	▪ CMCCT
			▪ MA2B4.2.2. Obtén a ecuación do plano nas súas distintas formas, pasando dunha a outra correctamente, identificando en cada caso os seus elementos característicos.	▪ CMCCT
			▪ MA2B4.2.3. Analiza a posición relativa de planos e rectas no espazo, aplicando métodos matriciais e alxébricos.	▪ CMCCT
			▪ MA2B4.2.4. Obtén as ecuacións de rectas e planos en diferentes situacións.	▪ CMCCT
▪ i	▪ B4.1. Vectores no espazo tridimensional. Operacións. Base, dependencia e independencia lineal. Produto escalar, vectorial e mixto. Significado xeométrico. ▪ B4.2. Ecuacións da recta e o plano no espazo. Identificación dos elementos característicos. ▪ B4.4. Propiedades métricas (cálculo de ángulos, distancias, áreas e volumes).	▪ B4.3. Utilizar os produtos entre vectores para calcular ángulos, distancias, áreas e volumes, calculando o seu valor e tendo en conta o seu significado xeométrico.	▪ MA2B4.3.1. Manexa o produto escalar e vectorial de dous vectores, o significado xeométrico, a expresión analítica e as propiedades.	▪ CMCCT
			▪ MA2B4.3.2. Coñece o produto mixto de tres vectores, o seu significado xeométrico, a súa expresión analítica e as propiedades.	▪ CMCCT
			▪ MA2B4.3.3. Determina ángulos, distancias, áreas e volumes utilizando os produtos escalar, vectorial e	▪ CMCCT

Matemáticas II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<p>mixto, aplicándoos en cada caso á resolución de problemas xeométricos.</p> <p>▪ MA2B4.3.4. Realiza investigacións utilizando programas informáticos específicos para seleccionar e estudar situacións novas da xeometría relativas a obxectos como a esfera.</p>	<p>▪ CMCCT</p>
Bloque 5. Estatística e probabilidade				
<p>▪ i</p>	<p>▪ B5.1. Sucesos. Operacións con sucesos. Asignación de probabilidades a sucesos mediante a regra de Laplace e a partir da súa frecuencia relativa. Axiomática de Kolmogorov.</p> <p>▪ B5.2. Aplicación da combinatoria ao cálculo de probabilidades.</p> <p>▪ B5.3. Experimentos simples e compostos. Probabilidade condicionada. Dependencia e independencia de sucesos.</p> <p>▪ B5.4. Teoremas da probabilidade total e de Bayes. Probabilidades iniciais e finais e verosimilitude dun suceso.</p>	<p>▪ B5.1. Asignar probabilidades a sucesos aleatorios en experimentos simples e compostos (utilizando a regra de Laplace en combinación con diferentes técnicas de recuento e a axiomática da probabilidade), así como a sucesos aleatorios condicionados (teorema de Bayes), en contextos relacionados co mundo real.</p>	<p>▪ MA2B5.1.1. Calcula a probabilidade de sucesos en experimentos simples e compostos, condicionada ou non, mediante a regra de Laplace, as fórmulas derivadas da axiomática de Kolmogorov e diferentes técnicas de recuento.</p> <p>▪ MA2B5.1.2. Calcula probabilidades a partir dos sucesos que constitúen unha partición do espazo mostral.</p> <p>▪ MA2B5.1.3. Calcula a probabilidade final dun suceso aplicando a fórmula de Bayes.</p>	<p>▪ CMCCT</p> <p>▪ CMCCT</p> <p>▪ CMCCT</p>
Para atender á diversidade, os preceptos legais establecen dous tipos de vías ou medidas: medidas ordinarias ou habituais e medidas específicas ou extraordinarias. As medidas específicas son unha parte importante da atención á diversidade, pero deben ter un carácter subsidiario.

### **As medidas das que dispoñemos son as que se citan a continuación:**

-Ordinarias: as adaptacións do currículo da ESO, o reforzo educativo, a orientación educativa e a integración escolar.

#### Organizativas:

- Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula.
  - Tempos diferenciados, horarios específicos, etc.
  - Espazos diferenciados.
  - Materiais e recursos didácticos diferenciados.
- Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula.

#### Curriculares:

- Adaptacións metodolóxicas para algún alumno ou alumna / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.
- Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.
- Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias.
- Programa específico para alumnado repetidor da materia.
- Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.

-Específicas ou extarordinarias:

#### Organizativas:

Apoio por parte do profesorado especialista en PT, Apoio por parte do propio profesorado do Departamento nos cursos 2º, 3º e 4º da ESO e o apoio dun docente externo en 1º da ESO como centro beneficiario dun contrato-programa Proa + neste curso 22-23.

#### Curriculares:

Traballo en coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptación, etc. (coordinación cas PT / outro profesorado de apoio /etc) e as adaptacións curriculares (ACIs) .

## 6.1. Medidas de atención á diversidade na ESO.

a) A nivel grupal:

a1. Medidas extraordinarias ESO.

1º ESO- 4 grupos

2º ESO- 4 grupos

3º ESO – 4 grupos

4º ESO Matemáticas académicas - 3 grupos (un deles bilingüe en inglés)

4º ESO Matemáticas aplicadas - 2 grupos

Deste xeito, rebáixase o número de alumnos presentes na aula e cada profesor pode prestar unha atención máis individualizada, dar unha resposta máis específica e realizar un mellor seguimento a cada alumno.

a.2. Grupo de Educación Secundaria de Adultos (ESA).

Unha medida máis de atención á diversidade consiste na oferta da Educación Secundaria de Adultos (ESA), O Departamento de Matemáticas asume as horas de docencia do Ámbito Científico-Tecnolóxico en 1º, 2º, 3º e 4º de ESA, e as do Obradoiro nesta etapa educativa.

b) A nivel individual:

Procurarase manter un constante contacto co departamento de Orientación para poder coñecer mellor as dificultades individuais dos alumnos e así poder tomar as medidas que se consideren axeitadas. Tamén será moi importante sacar conclusións a partir da avaliación inicial.

Hai que ter en conta que na actualidade hai alumnos, especialmente os recién chegados ao centro en 1º de ESO, que están a ser avaliados polo departamento de Orientación. Estes alumnos poderían recibir unha adaptación non significativa unha vez que se detecten as causas que lles impiden seguir a clase con normalidade, de forma que se aplicarían as medidas propostas pensando individualmente nestes alumnos, pero sempre dentro do conxunto da clase, co fin de facilitar a súa integración real no grupo sen alterar en exceso o ritmo continuo da clase.

Ademais destas medidas, o centro solicitou neste curso académico renovar contrato-programa Proa + de xeito que teremos profesores para poder apoiar ós alumnos que se atopan nunha situación de desvantaxe educativa por circunstancias de carácter persoal ou sociocultural.

Por último, faise tamén necesario atender axeitadamente ao alumnado con necesidades educativas por altas capacidades. Este tipo de alumnos/as recibirá por parte do profesor unha serie de actividades de ampliación, procurando sempre que estas sexan alusivas aos contidos que se estean a tratar neses momento co fin de facilitar a súa integración no grupo. Tamén se procurará que realicen un maior número de actividades de investigación para así axudar a desenvolver a súa creatividade. En calquera caso, para a atención destes alumnos/as se seguirán en todo momento as pautas que elabore o departamento de Orientación, e se valorará a posibilidade de animalos de participar no Proxecto Estalmat, Canguro matemático etc.

### **Adaptacións Curriculares individualizadas (ACIs):**

Estarán dirixidas a alumnos e alumnas que por diversas razóns educativas, sociais, culturais, por padecer déficit de calquera índole ou por posuír cualidades excepcionais, non poden seguir o proceso ordinario de ensino aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia. Entenderase por adaptación curricular as modificacións dun ou máis elementos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación.

Como todos os cursos traballamos con departamento de orientación para decidir en calquera momento que rapaces precisan de (ACIs) e poñelas en marcha en canto se decida a necesidade desta medida.

## **6.2. Medidas de atención á diversidade en Bacharelato.**

No Bacharelato, a organización do ensino permite que os propios estudantes resolvan a súa diversidade de motivacións, intereses e capacidades mediante a elección das diferentes modalidades e optativas, polo cal non é necesario articular medidas especiais a nivel grupal. A pesar diso, cada alumno e alumna ten unha serie de características únicas, feito que debe terse en conta desde as diferentes materias. Por esa razón, desde o departamento de matemáticas propóñense as seguintes medidas:.

- Realización de actividades de tipo pregunta-resposta ao inicio de cada unidade, co fin de facilitar unha idea precisa sobre de onde se parte.
- Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou dificultades detectadas.
- Introducción de cada aspecto matemático, sempre que iso sexa posible, mediante exemplos que o alumno ou alumna poida encontrar na súa vida cotiá.
- Proposta de realización de exercicios apropiados e todo o abundantes e variados que sexa preciso, co fin de afianzar os contidos matemáticos, traballados na unidade, de forma que se atendas non só aos alumnos e alumnas que presentan problemas no proceso de aprendizaxe, senón tamén a aqueles que alcanzaron no tempo previsto os obxectivos propostos.
- Busca de enlaces a vídeos por internet con explicacións alternativas.
- Atención individualizada por parte do profesor fóra da hora asignada á materia cando sexa posible facel

### **Medidas extraordinarias no bacharelato:**

- A nivel grupal:

Matemáticas I – 3 grupos

Matemáticas II – 2 grupos

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I – 2 grupos

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I – 2 grupos

Deste xeito, rebáixase o número de alumnos presentes na aula e cada profesor pode prestar unha atención máis individualizada, dar unha resposta máis específica e realizar un mellor seguimento a cada alumno.

## 7. Educación en valores.

A Educación Secundaria Obrigatoria constitúe unha etapa moi importante para os alumnos e alumnas, xa que coincide co momento no que estes pasan da infancia á adolescencia. É durante este período cando comezan a sufrir moitos cambios psicolóxicos, fisiolóxicos e sociais que caracterizan a transición á vida adulta. Por iso é de gran importancia a labor do profesorado nesta etapa caracterizada pola gran diversidade do alumnado.

É importante estimular o desenvolvemento cognitivo do estudante e crear unha actitude de responsabilidade en todos os aspectos, creando situacións que esixan o uso da dedución, o razoamento e a indución mediante debates na aula nos que os alumnos e alumnas deban reflexionar e sacar conclusións sobre os temas tratados.

Para favorecer o desenvolvemento das capacidades do alumnado integraranse de forma horizontal na materia as competencias, a cultura galega, a educación en valores, a interdisciplinaridade e as referencias á vida cotiá e ao entorno do alumnado.

Os denominados eixos, temas ou elementos transversais son un conxunto de contidos que interactúan en todas as áreas do currículo escolar afectando o seu desenvolvemento á globalidade do mesmo (o artigo 39 da Lei 17/2007 refírese a eles como contidos de Educación en Valores). Deben estar presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os elementos transversais, como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos valores, presentes en todas as áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

A diversidade dos nosos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, débenos conducir a traballar desde as diferentes potencialidades de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

No desenvolvemento das unidades didácticas trataremos os seguintes contidos:

- A educación moral cívica.
- A educación para o consumidor.
- A educación para a paz.
- A educación para a igualdade de sexos.
- A educación para a convivencia democrática.
- A educación para a tecnoloxía da información e da comunicación.
- A educación ambiental.
- A educación vial.
- A educación sexual para a saúde.
- A educación para a diversidade cultural e fomento da cultura galega.

A educación en valores será tratada de forma transversal mediante actividades relacionadas coa vida cotiá e o entorno do alumnado. Así, deseñaranse actividades, con preguntas de contido matemático correspondentes ao currículo, a partires de textos recollidos de revistas, artigos periodísticos, internet... sobre consumo, publicidade, contaminación, produción, saúde, ecoloxía, datos e gráficos estatísticos, etc.

Os nosos obxectivos principais serán amosar a conexión das matemáticas co mundo no que vivimos, acostumar aos alumnos a ler prensa e artigos serios e que aprendan a analizar de forma crítica a información, facendo uso das matemáticas.

Deste xeito, ao mesmo tempo que estudan contidos da área de matemáticas, traballan valores fundamentais como a tolerancia, solidariedade, responsabilidade, cooperación, respecto a natureza, sentido da xustiza e espírito crítico. Aprenden a pensar por si mesmos, a comprar racionalmente, a valorar culturas diferentes e a ver ao outro como igual en dignidade e en dereitos.

## **8. Contribución ao plan de convivencia.**

Os membros do departamento de Matemáticas contribuirán a potenciar a convivencia, participando nas diferentes actividades que se fan anualmente para lograr ese fin e colaborando, na medida do posible, no Plan de Convivencia do Centro.

Neste curso académico continua funcionando no centro a chamada “Aula de Convivencia”. Esta aula ten dous niveis de funcionamento: como “aula de reflexión” e como “aula de traballo”. Desde o departamento de Matemáticas se axudará en todo o posible para conseguir un correcto funcionamento das dúas facetas desta aula, facilitando ao máximo o traballo dos membros do claustro que estean ao cargo da mesma e todos os membros do departamento elaborarán unha serie de actividades destinadas aos alumnos que permanezan na Aula de Convivencia para que esta poida desenvolver a súa función como “aula de traballo”. Estas actividades poderán ser as mesmas que realizarán os seus compañeiros na aula ordinaria ou outras máis específicas, correspondéndolle esa decisión ao profesor da materia en función dos obxectivos a acadar ou no caso de que o alumno teña que permanecer ausente das clases durante varias sesións.

Outro proxecto que se está a desenvolver no centro é o de “Mediación entre iguais”, un dos seus obxectivos é formar a unha serie de alumnos como mediadores, os cales serán os encargados de intentar evitar, mediar e resolver os conflitos de forma pacífica. Tamén neste caso os membros do departamento de Matemáticas axudarán en todo o posible para que este proxecto dea bos resultados.

Por último, os membros do departamento axudarán a difundir as normas de convivencia e velarán polo cumprimento das mesmas durante as clases, os períodos de lecer e nas actividades complementarias e extraescolares que organice o departamento.

## **9. Programa de reforzo para a recuperación da materias de cursos anteriores.**

### **9.1. Plan de traballo para alumnado de ESO con Matemáticas pendente de cursos anteriores.**

Os alumnos/as que teñan a materia de Matemáticas pendente de cursos anteriores poderán aprobala dunha das seguintes formas:

a) Resolvendo uns boletíns de problemas que lle axuden ao estudio da materia pendente, elaborados e corrixidos polo profesor de Matemáticas deste curso 2022-2023 e que versarán sobre os contidos traballados no curso 21-22. Estes boletíns serán puntuados cun máximo de 2 puntos. En cada avaliación realizarase un exame tendo en conta os mínimos esixibles na materia de Matemáticas que teña suspensa e que traballará nos boletíns de dita avaliación. Este exame será puntuado cun máximo de 8 puntos. Terán superada a materia pendente os alumnos/as que sumadas as súas notas, a do boletín e a do exame, acaden polo menos 5 puntos de media. Os alumnos/as que non acaden os 5 puntos deberán presentarse a un exame da avaliación final.

b) Aprobando a 1ª e 2ª avaliación de Matemáticas do curso no que está matriculado. Neste caso, o alumno/a poderá elixir non facer as tarefas de recuperación da 3ª avaliación, obtendo como calificación nesa avaliación e a na avaliación final, para a materia pendiente, un 5.

Ademais, todos os alumnos que teñan a materia de Matemáticas pendente de cursos anteriores recibirán un temario no que se detallarán os contidos dos que serán examinados no exame de cada avaliación. Ver temarios adxuntos.



## **Matemáticas 1º ESO**

### **CONTIDOS IMPARTIDOS:**

#### **1º trimestre**

##### **1. Números naturais e divisibilidade**

O sistema de numeración decimal. Operacións combinadas con números naturais. Prioridade das operacións. Criterios de Divisibilidade. Números primos y compuestos. Cálculo mcd y mcm. Resolución de problemas.

##### **2. Potencias e raíces**

Concepto de potencia e raíz. Operacións con potencias e propiedades. Raíces cadradas. Resolución de problemas.

##### **3. Números enteiros**

Números positivos e negativos. Valor absoluto e oposto dun número enteiro. Orde no conxunto dos números enteiros. Sumar, restar, multiplicar e dividir enteiros. Operacións combinadas con números enteiros. Potencias con expoñente natural e base enteira e as súas propiedades. Resolución de problemas.

##### **3. Números decimais e sistema métrico decimal**

Clases de números decimais: exactos, periódicos puros e mixtos. Representación na recta numérica e ordenación dos números decimais. Aproximación dun número decimal a unha orde determinada. Operacións con números decimais. Resolución de problemas.

Diferenza entre unidade e magnitude. Cambio de unidades no sistema internacional.

#### **2º trimestre**

##### **4. Fraccións e operacións con fraccións**

Fraccións equivalentes. Simplificación e obtención da fracción irreducible. Redución de fraccións a común denominador. Paso de fracción a decimal. Paso de decimal a fracción.

Suma, resta, multiplicación e división de fraccións. Operacións combinadas con fraccións. Resolución de problemas con fraccións.

##### **5. Proporcionalidade e porcentaxes**

Razón e proporción. Magnitudes directamente e inversamente proporcionais. Resolución de problemas. Método de redución á unidade ou regra de tres. Táboas de proporcionalidade. Constante de proporcionalidade. Problemas de proporcionalidade directa e inversa.

Cálculo de porcentaxes. Resolución de problemas con porcentaxes: cálculo da parte, do total e da porcentaxe. Aumentos e diminucións porcentuais.

#### **3º trimestre**

##### **6. Álgebra e ecuacións**

Linguaxe alxébrica. Expresións alxébricas. Monomios: suma, resta, multiplicación e división. Polinomios: suma, resta e multiplicación.

Elementos e nomenclatura das ecuacións. Resolución de ecuacións de primeiro grao con e sin paréntesis. Resolución de problemas empregando ecuacións de primeiro grado.

##### **7. Gráficas e Funcións**

Plano cartesiano. Coordenadas. Representación de coordenadas no plano cartesiano. Táboas de valores. Interpretación de gráficas relacionadas ca vida cotiá.

### 8. Xeometría plana:

Tipos de triángulos según sus lados e ángulos. Clasificación de distintas figuras planas. Cálculo de áreas e perímetros das distintas figuras planas.

## **Matemáticas 2º ESO**

### **1ª avaliación**

#### **Números naturais:**

O sistema de numeración decimal. Operacións combinadas con números naturais. Prioridade das operacións. Divisibilidade. Resolución de problemas.

#### **Números enteiros.**

Números positivos e negativos. Valor absoluto e oposto dun número enteiro. Orde no conxunto dos números enteiros. Operacións combinadas con números enteiros. Potencias con expoñente natural e as súas propiedades. Raíces de números enteiros. Resolución de problemas.

#### **Números decimais y fraccións.**

**Decimais:** Clases de números decimais: exactos, periódicos puros e mixtos. Representación na recta numérica e ordenación. Aproximación dun número decimal a unha orde determinada. Operacións. Resolución de problemas.

**Fraccións:** Fraccións equivalentes. Simplificación e obtención da fracción irreducible. Redución de fraccións a común denominador. Paso de fracción a decimal. Paso de decimal a fracción. Suma, resta, multiplicación e división. Potencias con base fraccionaria. Potencias de expoñente negativo. Propiedades. Operacións combinadas. Resolución de problemas.

### **2ª avaliación**

#### **Proporcionalidade e porcentaxes:**

Razón e proporción. Magnitudes directamente e inversamente proporcionais. Resolución de problemas. Método de redución á unidade ou regra de tres. Táboas de proporcionalidade. Constante de proporcionalidade. Problemas de proporcionalidade composta. Repartos directamente proporcionais.

Cálculo de porcentaxes. Resolución de problemas con porcentaxes: cálculo da parte, do total e da porcentaxe. Aumentos e diminucións porcentuais. Interese bancario.

#### **Álgebra.**

Linguaxe alxébrica. Expresións alxébricas. Monomios: suma, resta, multiplicación e división. Polinomios: suma, resta e multiplicación. Identidades notables. Extracción de factor común.

### **3ª avaliación**

#### **Ecuacións.**

Elementos e nomenclatura das ecuacións. Resolución de ecuacións de primeiro grao. Ecuacións con denominadores e paréntesis. Resolución de ecuacións de segundo grao. Resolución de problemas.

#### **Sistemas de ecuacións.**

Ecuacións lineais. Sistemas de ecuacións. Métodos de resolución: gráfico, substitución, igualación e redución. Resolución de problemas.

#### **Semellanza.**

Concepto de figuras semellantes. Razón de semellanza. Planos, mapas, maquetas, escalas e aplicacións. Teorema de Tales. Triángulos en posición de Tales. Aplicacións á resolución de problemas.

#### **Xeometría plana e teorema de Pitágoras.**

Clasificación de figuras planas. Áreas e perímetros de figuras planas. Teorema de Pitágoras. Aplicación á resolución de problemas.

#### **Corpos xeométricos.**

Poliedros e corpos de revolución. Cálculo de superficies e volumes dos distintos corpos xeométricos. Aplicación á resolución de problemas.

## Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas 3º ESO

Contidos impartidos:

### 1ª avaliación

#### 1. Fraccións e decimais.

Números enteiros. Operacións. Números racionais. Representación na recta numérica. Simplificación de fraccións. Fraccións equivalentes. Suma, resta, multiplicación e cociente de fraccións. Operacións combinadas. A fracción como operador. A fracción dunha cantidade. Números decimais. Tipos de números decimais. Paso de decimal a fracción e de fracción a decimal. Números reais: clasificación. Intervalos. Resolución de problemas.

#### 2. Potencias e raíces.

Potencias de expoñente enteiro. Propiedades das potencias. Raíces exactas. Relación entre potencias e raíces. Radicais. Multiplicación e división de radicais do mesmo índice. Potencia dun radical. Extracción e introdución de factores fora do signo radical. Suma de radicais. Clasificación de números reais. Notación Científica.

Operacións.

#### 3. Problemas aritméticos.

Proporcionalidade: regra de tres simple e composta. Cálculos con porcentaxes: aumentos e diminucións porcentuais, encadeamento de variacións porcentuais.

#### 4. Progresións.

Sucesións, termo xeral dunha sucesión. Sucesións recorrentes. Progresións aritméticas: diferenza, termo xeral e suma dos termos dunha progresión aritmética. Progresións xeométricas: razón, termo xeral e suma dos termos dunha progresión xeométrica. Suma dos infinitos termos dunha progresión xeométrica.

### 2ª avaliación

#### 5. A linguaxe alxébrica

Expresións alxébricas. Valor numérico dunha expresión alxébrica. Monomios. Grao dun monomio. Monomios semellantes. Operacións con monomios: suma, resta, produto e división. Polinomios. Grao dun polinomio. Forma reducida. Operacións con polinomios: suma, resta, multiplicación e división. Regra de Ruffini. Extracción do factor común. Identidades notables. Fraccións alxébricas. Simplificación. Redución a común denominador. Suma, resta, produto e cociente de fraccións alxébricas. Operacións combinadas.

#### 6. Ecuacións.

Ecuacións. Solucións dunha ecuación. Resolución de ecuacións por tanteo. Tipos de ecuacións. Ecuacións de primeiro grao. Ecuacións de segundo grao. Número de solucións dunha ecuación de segundo grao. Resolución de ecuacións de segundo grao completas e incompletas. Resolución de problemas con ecuacións.

### 3ª avaliación

#### 7. Sistemas de ecuacións.

Ecuacións con dúas incógnitas. Solucións. Sistemas de ecuacións. Sistemas equivalentes. Número de solucións dun sistema lineal. Resolución gráfica. Outros métodos de resolución de sistemas: substitución, igualación e redución. Resolución de problemas con sistemas de ecuacións.

## 8. Gráficas de funcións.

Concepto de función. Dominio e percorrido. Estudio gráfico dunha función. Características: crecemento e decrecemento. Máximos e mínimos. Periodicidade. Continuidade. Expresión analítica dunha función.

## 9. Rectas e parábolas.

Rectas: función constantes, lineais e afíns. Ecuación da recta na forma punto- pendiente. Ecuación da recta que pasa por dous puntos. Funcións cuadráticas.

## 10. Xeometría.

Relacións angulares. Semellanza. Teorema de Tales. Teorema de Pitágoras. Áreas de figuras planas. Corpos xeométricos: poliedros e corpos de revolución. Volume dos corpos xeométricos

## 11. Estatística

Poboación e mostra. Táboas de frecuencias. Gráficos estatísticos. Parámetros de centralización e dispersión, obtención e interpretación de resultados

## **3º ESO. MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSEÑANZAS APLICADAS**

Contidos impartidos:

### **1ª avaliación**

1. **Números naturais, enteiros e decimais.** Operacións con números naturais. Xerarquía das operacións. A relación de divisibilidade. Números primos e compostos. Máximo común divisor e mínimo común múltiplo. Números enteiros: representación, ordenación na recta numérica e operacións. Potencias de números enteiros con expoñente natural: operacións. Cadrados perfectos. Raíces cadradas. Números decimais. Operacións e resolución de problemas. Tipos de números decimais. Expresión aproximada.
2. **Fraccións.** Números fraccionarios e números racionais. Forma fraccionaria e decimal dos números racionais. Fracción como operador. Equivalencia de fraccións. Simplificación dunha fracción. Comparación de fraccións. Operacións con fraccións e problemas.
3. **Potencias e raíces.** Potenciación. Propiedades e operacións. Potencias de expoñente cero ou negativo. Notación científica: operacións con números en notación científica. Uso da calculadora. Raíces exactas.
4. **Problemas de proporcionalidade e porcentaxes.** Razón e proporción. Proporcionalidade simple. Magnitudes directa e inversamente proporcionais. Proporcionalidade composta. Repartos directa e inversamente proporcionais. Porcentaxes. Aumentos e diminucións porcentuais.

### **2ª avaliación**

5. **Secuencias numéricas.** Sucesións. Termo xeral. Progresión aritmética e xeométrica. Obtención do termo xeral e a suma de termos na progresión aritmética.
6. **Linguaxe alxebraica.** Expresións alxébricas. Monomios. Operacións con monomios. Polinomios. Operacións suma, resta, produto por un monomio e entre dous polinomios. Identidades. Sacar factor común.
7. **Ecuacións de primeiro e segundo grao.** Ecuacións. Solución dunha ecuación. Ecuacións de primeiro grao cunha incógnita e de segundo grao cunha incógnita. Resolución por distintos métodos. Resolución de problemas mediante ecuacións.

### **3ª avaliación**

8. **Sistemas de ecuacións.** Sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas. Métodos alxébricos de resolución (substitución, igualación e redución) e método gráfico. Número de solucións. Resolución de problemas.
9. **Funcións e gráficas.** Concepto de función. Variable dependente e independente. Formas de presentación: linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula. Crecemento e decrecemento, máximos e mínimos. Periodicidade. Discontinuidade, continuidade. Expresión analítica.
10. **Funcións lineais e cuadráticas.** Funcións de proporcionalidade. Representacións da gráfica a partir da ecuación e obtención da ecuación a partir da gráfica. Pendente. Función afín. Ecuación punto pendente. Recta que pasa por dous puntos. Aplicacións das funcións lineais. Estudo conxunto de dúas funcións lineais. Función cuadrática: parábola.
11. **Elementos de xeometría plana.** Ángulos nos polígonos e na circunferencia. Semellanza de triángulos. Triángulos en posición de Tales. Teorema de Pitágoras. Triángulos rectángulos en figuras planas. Área e perímetros de polígonos e de figuras curvas.

## **9.2. Plan de traballo para o alumnado de 2º de bacharelato con Matemáticas I ou Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais I pendente de cursos anteriores.**

Para facilitarlle o estudo de Matemáticas I e Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais I aos alumnos/as que as teñan pendentes de cursos anteriores, o Departamento de Matemáticas decidiu dividir a materia en dúas partes e examinar da primeira parte na primeira avaliación e da segunda parte na segunda avaliación. Os exames serán puntuados cun máximo de 9 puntos.

Os profesores que imparten as materias correspondentes de 2º de bacharelato encargaranse de elaborar un boletín de actividades para cada unha destas partes na que se divide a materia coa finalidade de lograr que o alumnado adquira as competencias requiridas e lles sirva de guía cara ós exames. Os boletíns serán cualificados cun máximo de 1 punto e a nota de cada unha das partes virá dada pola suma da nota do exame máis a do boletín.

Terán superada a materia aqueles alumnos/as que acaden polo menos un 5 en cada unha das partes. Neste caso a nota final será media das notas acadadas nas dúas partes.

No caso de non aprobar unha das partes ou de non aprobar ningunha das partes, na terceira avaliación, farán un novo exame da parte ou partes que teña suspensas.

En caso do alumnado que non aprobe a asignatura na convocatoria ordinaria, entón deberá presentarse a convocatoria extraordinaria para pendentes de Matemáticas I ou Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais I, segundo corresponda, na data e horario que estableza o centro. Nesta convocatoria extraordinaria solo se terá en conta un exame que será puntuado sobre 10 puntos.

Ao principio do primeiro trimestre farase unha reunión co alumnado que teña pendentes as asignaturas de Matemáticas I e Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais I co fin de explicarlles este plan de traballo e na que se lles entregará o temario do que se examinarán coa materia xa dividida en dúas partes.

**MATEMÁTICAS I**  
**BACHARELATO DE CIENCIAS E TECNOLOXÍA**

**CONTIDOS IMPARTIDOS:**

**CONTIDOS IMPARTIDOS:**

**TRIGONOMETRÍA**

- Ángulos. Medida de ángulos.
- Razóns trigonométricas dun ángulo agudo. Relación entre elas.
- Razóns trigonométricas dun ángulo arbitrario. Signo das razóns trigonométricas.
- Funcións trigonométricas recíprocas
- Resolución de triángulos rectángulos.
- Resolución de triángulos non rectángulos. Teoremas do seno e do coseno.
- Razóns trigonométricas da suma e da diferenza de ángulos.
- Razóns trigonométricas dos ángulos dobre e metade.
- Igualdades trigonométricas.
- Ecuacións trigonométricas.
- Funcións trigonométricas. Representación gráfica.

**O PLANO VECTORIAL**

- Vectores fixos e libres no plano.
- Operacións con vectores graficamente.
- Combinación lineal. Dependencia e independencia lineal.
- Bases do plano vectorial. Coordenadas dun vector.
- Operacións de vectores usando as súas coordenadas.
- Coordenadas cartesianas do vector determinado por dous puntos.
- Cálculo do módulo dun vector.
- Cálculo do punto medio dun segmento. División de segmentos en partes iguais.
- Produto escalar de vectores. Propiedades.
- Ángulo que forman dous vectores.
- Paralelismo e perpendicularidade de vectores.

**GEOMETRÍA MÉTRICA PLANA**

- Ecuacións da recta.
- Ángulo que forman dúas rectas.
- Posicións relativas de dúas rectas. Paralelismo, perpendicularidade e intersección.
- Distancia entre dous puntos, dun punto a unha recta e entre dúas rectas.
- Problemas métricos no plano. Elementos notables dun triángulo.

**FUNCIONES**

- Definicións elementais. Características das funcións.
- Cálculo de dominios.
- Operacións con funcións: suma, resta, multiplicación, división e produto por un escalar.
- Composición de funcións. Cálculo da función recíproca.
- Clasificación e características básicas das funcións elementais.
- Funcións definidas mediante intervalos.
- Función valor absoluto.
- Funcións exponenciais. Ecuacións exponenciais.
- Logaritmos. Propiedades. Funcións logarítmicas. Ecuacións logarítmicas.

**LÍMITE DE FUNCIONES. CONTINUIDADE**

- Definición de límite dunha función nun punto. Límites laterais. Límites no infinito.
- Cálculo de límites. Indeterminacións.
- Continuidade dunha función nun punto. Tipos de discontinuidade.
- Cálculo de asíntotas.



## **DERIVADAS DE FUNCIONES. DERIVABILIDADE**

- Taxa de variación media.
- Definición de derivada dunha función nun punto. Interpretación xeométrica da derivada.
- Derivadas laterais.
- Ecuacións das rectas tanxente e normal.
- Función derivada. Derivadas de orde superior.
- Relación entre continuidade e derivabilidade.
- Derivadas das funcións elementais.
- Regras de derivación. Cálculo de derivadas.
- Monotonía e curvatura dunha función.
- Representación gráfica de funcións.

## **NÚMEROS COMPLEXOS**

- Definición dos números complexos.
- Operacións con números complexos en forma binómica.
- Potencias de  $i$ .
- Representación gráfica dos números complexos. Módulo e argumento.
- Formas de representar un número complexo.
- Fórmula de Moivre
- Produto e división de números complexos en forma polar.
- Potencias e raíces de números complexos en forma polar.

## **INTRODUCCIÓN ÁS INTEGRAIS**

- Primitiva. Integral indefinida. Táboa de integrais.
- Método de cambio de variable.
- Integral definida. Regra de Barrow.

Por falla de tempo, quedaron sen impartir as unidades de “Estatística bidimensional” e “Cónicas”.

## MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I BACHARELATO HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

### **CONTIDOS IMPARTIDOS:**

#### **FUNCIONES**

1. Dominio e percorrido.
2. Clasificación e características básicas das funcións elementais.
3. Operacións con funcións: suma resta, multiplicación e división.
4. Función oposta e función inversa.
5. Composición de funcións. Función recíproca.
6. Funcións polinómicas de grao cero, un e dous.
7. Interpolación e extrapolación lineal.
8. Funcións de proporcionalidade inversa.
9. Funcións radicais.
10. Funcións definidas en intervalos.
11. Funcións valor absoluto e parte enteira.
12. Funcións exponenciais e logarítmicas. Resolución de ecuacións exponenciais e logarítmicas.
13. Funcións trigonométricas.

#### **LÍMITE DUNHA FUNCIÓN. CONTINUIDADE. ASÍNTOTAS**

1. Límite dunha función nun punto. Límites laterais.
2. Límite dunha función no infinito.
3. Cálculo de límites. Indeterminacións.
4. Continuidade dunha función nun punto. Tipos de discontinuidades.
5. Ramas infinitas. Asíntotas.

#### **DERIVADAS**

1. Taxa de variación media dunha función nun intervalo pechado.
2. Taxa de variación instantánea dunha función nun punto.
3. Derivada dunha función nun punto. Interpretación xeométrica da derivada.
4. Derivadas laterais.
5. Regras da derivación. Cálculo de derivadas.
6. Función derivada. Derivadas sucesivas.
7. Monotonía e curvatura dunha función.
8. Representación gráfica de funcións polinómicas e racionais.

#### DISTRIBUCIÓNS BIDIMENSIONAIS

1. Táboas de frecuencia de dobre entrada.
2. Diagramas de dispersión.
3. Covarianza.
4. Correlación lineal. Coeficiente de Pearson.
5. Rectas de regresión.
6. Análise de fenómenos económicos e sociais con dúas variables.

#### PROBABILIDADE.

1. Experimentos aleatorios. Sucesos. Operacións con sucesos.
2. Probabilidade dun suceso. Regra de Laplace.
3. Sucesos compatibles e incompatibles.
4. Sucesos dependentes e independentes.
5. Probabilidade condicionada. Teorema da probabilidade total. Teorema de Bayes.
6. Asignación de probabilidades mediante diagramas de Venn, diagramas de árbore e táboas de continxencia.

#### DISTRIBUCIÓNS DE PROBABILIDADE

1. Variable aleatoria discreta. Función de probabilidade e función de distribución. Parámetros dunha distribución: esperanza matemática e desviación típica.
2. Distribución binomial: descrición, aplicacións, esperanza e desviación típica.
3. Variable aleatoria continua. Función de densidade e de distribución. Parámetros: esperanza e desviación típica.
4. Distribución normal: descrición, función de densidade e de distribución, esperanza matemática e desviación típica.
5. Asignación e interpretación de probabilidades utilizando a distribución normal. Manexo das táboas.
6. Tipificación dunha variable normal.
7. Aproximación da binomial pola normal. Condicións para poder facer a aproximación. Corrección de Yates.

Por falta de tempo quedou sen estudar o tema de Matemáticas Comerciais

### **Cambios de modalidade**

No caso do alumnado de 2º de Bacharelato que teña cambiado de modalidade, é dicir, para aqueles alumnos/as que se matriculen en Matemáticas II sen ter cursado Matemáticas I, ou se matriculen de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II sen ter cursado Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I ao ser materias propias de modalidade considerarase que teñen a materia de 1º de Bacharelato pendente e, para recuperala, terán que cumprir as condicións expostas nesta programación referente á organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

## **10. Programa específico de reforzo para o alumnado de ESO que repite curso.**

Con respecto a este alumnado, realizarase un seguemento personalizado en función das características de cada alumno/a.

Na avaliación inicial determinarase, para o alumnado que tivera suspendido a materia de matemáticas no curso anterior, se necesita algunha medida específica de atención á diversidade que non fose aplicada previamente, ben sexa algún tipo de reforzo educativo, ou ben unha adaptación curricular. Aínda que, tamén, existe a posibilidade de que poida seguir, sen dificultades, o ritmo normal da clase.

Ante a posibilidade de alumnado que estea repetindo, pero que non tivera suspendido no curso anterior a materia de matemáticas, estudarase a posibilidade de proposta de actividades de ampliación de coñecementos, ou ben de que siga o ritmo normal da clase.

O seguimento de cada alumno ou alumna corresponderalle ao profesor que lle estea a dar clase neste curso 2022-2023, quen se encargará ademais de facerlle chegar esa información ao seu titor de aula.

## **11. Procedementos para avaliar a programación.**

O carácter global da avaliación implica a revisión de todo o proceso de ensino-aprendizaxe. Esta programación está deseñada coa premisa de que poderá ser modificada durante o seu período de implantación:

En todo momento se comprobará se a selección de obxectivos e contidos responde ao nivel de partida do alumnado e se a secuenciación e temporalización dos mesmos é axeitada. Tamén se revisará a coordinación do Departamento co resto de departamentos das áreas de competencia científico-tecnolóxica e co equipo docente, e contribuirase as finalidades do centro e aos seus plans e proxectos.

Por outra banda tamén é necesario avaliar a práctica docente. A avaliación da práctica docente non pode ser entendida como un control da traxectoria profesional, se non como unha actuación de crítica positiva coa que se pretenda acadar un maior coñecemento e control das variables que concorren na vida escolar, orientación, estímulo, formación e perfeccionamento persoal.

Esta avaliación pretende converter a actividade do profesorado en obxecto de reflexión. O profesor é quen dirixe e organiza o proceso de ensino-aprendizaxe e quen posúe a primeira e máis directa fonte de información. É polo tanto un dos pilares nos que se apoia o sistema educativo, e as súas actuacións deben ser un obxecto prioritario de avaliación co fin de conseguir o perfeccionamento da acción docente e a mellora da oferta educativa.

A avaliación da práctica docente corresponde en primeiro lugar ao profesorado, como unha actividade e actitude permanente e crítica en todas as súas tarefas e funcións.

O procedemento fundamental para levar a cabo esta tarefa de reflexión o constitúe a autoavaliación da práctica educativa. Esta debe realizarse en dous niveis distintos: o do contexto da aula e o do contexto do centro.

Para poder avaliar correctamente a práctica docente se terán en conta os seguintes aspectos:

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- As aprendizaxes logradas polos alumnos.
- As medidas de individualización do ensino con especial atención as medidas de apoio e reforzo empregadas.
- A incorporación das novas tecnoloxías á práctica docente así como recursos e materiais que faciliten o coñecemento.
- A programación e o seu desenvolvemento e, en particular, as estratexias de ensinanza, os procedementos de avaliación do alumnado, a organización da aula e o aproveitamento dos recursos do centro.

- A relación co alumnado, así como o clima de convivencia.
- A coordinación co resto dos profesores de cada grupo e no seno do departamento de Matemáticas.
- A relación cos titores e titoras e, no seu caso, coas familias do alumnado.

Algunhas das posibles medidas a tomar en caso necesario son:

- Establecer pontes que faciliten o achegamento entre o coñecemento matemático e os distintos graos de coñecemento que posúen os alumnos.
- Modificar a secuenciación e temporalización dos contidos, priorizando os mínimos sobre os desexables e estes sobre os de ampliación.
- Observar e coordinar o desenvolvemento das tarefas na aula, procurando que cada alumno acade o seu ritmo de aprendizaxe.
- Variar o grao de dificultade das tarefas propostas.
- Retirar as actividades menos axeitadas.
- Procurar descubrir os puntos de interese dos alumnos.
- Modificar a metodoloxía.
- Mellorar o ambiente de traballo na aula.
- Buscar o equilibrio entre as actividades individuais e en grupo.
- Traballar de forma coordinada no departamento para o desenvolvemento da programación e en todo o que mellore na marcha do centro.
- Facilitar a coordinación co profesorado que imparte as medidas de reforzo educativo.
- Establecer canles de coordinación co departamento de orientación.
- Implantar os distintos plans de mellora para que o alumnado supere as aprendizaxes non adquiridas.
- Propoñer e implantar actividades complementarias que faciliten a aprendizaxe na área de Matemáticas.

Por último, se os resultados negativos nas avaliacións afectan a unha porcentaxe alta de alumnos habería que analizar as causas, cambiando se se considera oportuno a metodoloxía, ou pensando en reconducir a programación en canto a niveis e contidos. Nese caso os profesores deberán avaliar:

- A maneira de iniciar a clase.
- A organización do traballo.
- O ritmo.
- As extensións ou axudas.
- As esixencias.
- O interese mostrado polos alumnos no seu conxunto e dun xeito individual.
- As dificultades que xurdiron, atendendo a cales cree que son as causas para planear inmediatamente aquilo que crea que pode ser un remedio.
- A propia programación.

## 12. Actividades complementarias e extraescolares.

O departamento determinará durante o ano lectivo as actividades a realizar. Estas serán en función das posibilidades que se presenten ao longo do curso, aínda que pensamos que este tipo de actividades complementan moi positivamente a formación do alumno.

Na momento da redacción do presente documento están previstas as seguintes actividades:

### 1º trimestre:

- Viaxe cos alumnos de Matemáticas II ó Cern. A data aprobada no momento da redacción desta programación é o 10 de Decembro.
- Participación no proxecto DigitalWeek cos alumnos do grupo de 4º bilingüe (de sermos seleccionados).

### 2º trimestre

- Participación na actividade “Volamos con números: una aventura aérea” proposta pola aula Newton Galicia cun grupo a determinar.
- Visita ó sincrotrón Alba cos alumnos de 1º bacharelato de ciencias, previsiblemente en marzo.
- Celebración do Día dedicado a pi.
- Olimpíada Matemática. Destinada aos alumnos/as de 2º de bacharelato.

Concurso consistente na resolución individual de problemas que non requiren de coñecementos especiais de Matemáticas, xa que o que se busca é que os alumnos/as demostren, para resolvelos, capacidade de raciocinio, habilidade para enfrontarse a situacións novas e unha certa dose do que tradicionalmente se coñece como "idea feliz".

-Canguro matemático

### 3º trimestre

- Participar na Semana da Ciencia que se organiza no centro. Destinado a todos os alumnos do centro.

Semana durante a cal todos os departamentos de Ciencias do instituto realizan unha serie de exposicións e actividades para achegar o mundo da ciencia a todos os membros da comunidade educativo e demostrar a utilidade práctica de estas ramas do saber. As actividades a realizar serán consensuadas co resto de departamentos implicados mediante unha serie de reunións que se farán ao longo do curso.

- Participación do noso alumnado no programa de estímulo do talento matemático ESTALMAT.

Ademáis, apoiaremos e participaremos en outras actividades propostas dende os distintos departamentos. Algunhas desas actividades son: Samaín., Día da paz, Día de San Valentín, Entroido, Xornadas de Orientación, Día da muller traballadora.....

Por último, o departamento de Matemáticas sempre se atopa aberto a estudar a conveniencia de aceptar calquera outro tipo de oportunidade que poida xurdir ao longo do curso para organizar outras actividades complementarias e extraescolares diferentes das relatadas anteriormente neste apartado da programación.

Cangas, 09 de setembro de 2022

Asdo. Beatriz Regueira Gómez

Xefa do Departamento de Matemáticas